



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

ref.: cgm/ Acta Pleno/AX/SX/nº 9-16 de 07/07/2016

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 09/2016 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Auditorio Lois Tobío

Data: 07.07.2016

Hora de convocatoria: 20.00 h.

Hora de comezo: 20.00 h.

Hora de remate: 10.04 h.

ASISTENTES

- D. Juan Francisco Ferreira González
- Dna. Nuria Lameiro Valverde. Incorporárase á sesión ás 20.27 h.
- D. Juan Antonio Gónzález Rodríguez
- Dna. Iria Lamas Salgueiro

- D. Fernando Guitián Guitián
- Dna. Natalia Sofía Salgueiro Hermida
- Dna. Patricia Durán Pérez
- D. Jesús Salgueiro Pérez

- D. Xosé Antonio Araujo Quintas
- Dna. Rocío Cambra Castro
- D. Xosé Antón Araújo Rodríguez

- D. Manuel Gómez González
- D. Javier Gregores Méndez
- Dna. Beatriz Fernández Alonso

- D. Pauliño Damián Del Río Iglesias
- D. Josué Villar Ballesteros
- Dna. María Jimena Varela Rodríguez

SECRETARIO

- Pablo Portela Fernández

No Auditorio Lois Tobío, habilitado como salón de sesións da Corporación, nesta Vila de Gondomar, ás 20.00 horas do 7 de xullo de 2016, reuníronse os membros da Corporación, anteriormente relacionados asistidos polo secretario municipal, por mor de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, regulamentariamente convocada para este día, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación das actas co núm. 4/16, 5/16, 6/16, 7/16 e 8/16.
2. Aprobación Plan económico Financeiro Concello de Gondomar 2016-2017.
3. Resolución expediente investigación camiño n.º 77 en Portavedra.
4. Fiscalización e control dos órganos de Goberno.
 - a. Dar conta do informe de Intervención, Execución Trimestral EELL 1º trimestre 2016.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

- b. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, Tomo V 2016.
 - c. Dar conta da Información periódica a remitir ao Pleno da Corporación por parte do Departamento de Intervención. (Resolucións Tomo V).
 - d. Comparecencia do Concelleiro de Educación, D. Juan Antonio González Rodríguez.
5. Mocións.
 6. Rogos e preguntas

1. Aprobación das actas co núm. 4/16, 5/16, 6/16, 7/16 e 8/16.

Pola Presidencia dáse conta das actas indicadas no encabezamento deste punto.

O alcalde pregunta se algún membro da Corporación quere formular algunha observación referente as actas a aprobar.

Sr. Alcalde: Sra. Fernández, ten vostede a palabra.

Sra. Fernández: Boas tardes a todos e a todas. Si na intervención, teño unha corrección na acta nº 8/16.

Sr. Alcalde: Mire, perdoe Sra. Fernández. Imos aprobar as actas unha por unha, cando cheguemos a esa, fai as anotacións.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. Alcalde pasa a someter a aprobación a primeira das actas.

1. Aprobación da acta anterior núm. 4/16.

Pola Presidencia dáse conta da acta indicada no encabezamento deste punto.

O alcalde pregunta se algún membro da Corporación quere formular algunha observación a esta acta.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. Alcalde somete esta acta a votación ordinaria co seguinte resultado.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión n.º 4/16 de data 07/04/2016.

1. Aprobación da acta anterior núm. 5/16.

Pola Presidencia dáse conta da acta indicada no encabezamento deste punto.

O alcalde pregunta se algún membro da Corporación quere formular algunha observación a esta acta.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr.Alcalde somete esta acta a votación ordinaria co seguinte resultado.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión n.º 5/16 de data 05/05/2016.

1. Aprobación da acta anterior núm. 6/16.

Pola Presidencia dáse conta da acta indicada no encabezamento deste punto.

O alcalde pregunta se algún membro da Corporación quere formular algunha observación a esta acta.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr.Alcalde somete esta acta a votación ordinaria co seguinte resultado.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión n.º 6/16 de data 23/05/2016.

1. Aprobación da acta anterior núm. 8/16.

Pola Presidencia dáse conta da acta indicada no encabezamento deste punto.

O alcalde pregunta se algún membro da Corporación quere formular algunha observación a esta acta.

Sr. Alcalde: Ten a palabra a Sra. Fernández.

Sra. Fernández: Boas tardes outra vez. Eu quero, aquí na páxina 34,35 corrixir xustamente, dende o comezo, a intervención a pé de parágrafo. En vez de dicir "tesinas" son "marquesiñas" e no segundo parágrafo igual. Que onde pon "tesinas" son "marquesiñas".

Sr. Alcalde: Marquesiñas, de feito a funcionaria que fixo a transcripción por moito que quixera repetir e volver a escoitar non entendía o que dicía vostede, e de feito nas preguntas que nos trasladaba, poñía tesinas. Entón eu volví a preguntarllo, incluso dou por feito de que sí, que era un problema da gravación. Entón se corrixo o das marquesiñas.

Sra. Fernández: E despois na páxina 35 tamén ao finalizar a miña intervención, no cuarto parágrafo onde di "vive no Teixeiro" quero dicir "para a xente que va ao caixeiro ao Teixeiro"

Sr. Alcalde: Ben grazas. ¿Algunha intervención mais sobre a acta? ¿Ningunha? Feita a corrección da acta da Sra. Fernández sometémola a votación.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr.Alcalde somete esta acta a votación ordinaria co seguinte resultado.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión n.º 8/16 de data 02/06/2016, coa rectificación anterior.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

2. Aprobación Plan económico Financeiro Concello de Gondomar 2016-2017.

Pola concelleira Iria Lamas Salgueiro dáse lectura do ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 29.06.2016, que literalmente di:

"Vista a proposta de Alcaldía de data 06.06.2016 que literalmente di:

Vista a Liquidación do Orzamento Xeral do ano 2015 aprobada mediante Resolución de Alcaldía de data 26 de febreiro de 2016 e os informes de Intervención sobre a mesma de data 26 de febreiro de 2016,

Visto o Plan Económico Financeiro do Concello de Gondomar para o período 2016-2017 suscrito por esta Alcaldía,

Tendo en conta o informe de Intervención sobre o Plan Económico Financeiro emitido con data 6 de xuño de 2016, e considerando que o Plan proposto é conforme o establecido no artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e no artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 17 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira,

proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO :

PRIMEIRO. *Quedar enterado do resultado da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda efectuado pola Intervención mediante a emisión dos informes oportunos.*

SEGUNDO. *Aprobar o Plan económico-financeiro do Concello nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo.*

TERCEIRO. *Aprobar a non dispoñibilidade de créditos na partida orzamentaria 011.91300 por importe de 73.868,69 euros.*

CUARTO. *A efectos meramente informativos, publicar o Plan Económico-financeiro no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

Así mesmo, una copia do Plan encontrarase a disposición do público desde a súa aprobación até a finalización da súa vixencia.

A Comisión Informativa, por maioría de votos a favor (03 votos a favor: 2 do grupo municipal do PSOE e 1 do grupo municipal Manifesto Miñor; 04 abstencións: 02 do grupo municipal do PP, 01 do grupo municipal Concello Aberto; e 01 do grupo municipal Iniciativa por Gondomar; e ningún voto en contra) ditaminou FAVORABLEMENTE o asunto."



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Iria Lamas. ¿Alguén pide a palabra? Sra. Natalia Salgueiro ten vostede a palabra.

Sra. Natalia Salgueiro: Boas tardes a todos. Hoxe, o que estamos a traer aquí, o que nos propón o Goberno, é a aprobación do Plan Económico Financeiro para os anos 2016 e 2017. Se nos paramos a ver do que se ten que aprobar neste Plan Financeiro, podemos atopar que realmente o cumprimento dáse no límite da regra de gasto e, o importe, imos a dicir que non é ou sexa que non é un importe excesivo que non é de importancia grande. O que si que temos que dicir é que non cumpre o que establece a propia Lei. Non cumpre o que establece na propia Lei e o pon ademais na, dende a (...) así o fai constar na súa páxina 6. Di que se estima que o Plan Económico Financeiro reúne o contido mínimo previsto polo artigo 21.2 da Lei e o artigo 116, pero di tamén que non se segue a tramitación dos Plans Económicos Financeiros que se regulan no artigo 23 da Lei, incumprindo os prazos previstos. Si leemos con mais detalle, que é o que di o artigo 23 de Lei, di que; Regulación e seguimento dos Plans Económicos Financeiros e dos Plans de Reequilibrio; "Os Plans Económicos Financeiros e os plans de reequilibrio serán presentados, previo informe da autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, nos supostos en que resulte preceptivo, ante os órganos contemplados nos apartados seguintes no prazo máximo de un mes dende que se constate o incumprimento, ou se aprecien as circunstancias previstas no artigo 11.3 respectivamente. Estes plans deberán ser aprobados por ditos órganos no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación e a súa posta en marcha, non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento". A ver a que nos leva isto. No anterior Goberno, a parte que eu era a concelleira delegada de Facenda, tivemos que aprobar no ano 2014 un Plan Económico Financeiro. O Plan Económico Financeiro que nos presentamos, o presentamos nun Pleno no mes de marzo, a constatación do incumprimento naquel caso, era de estabilidade orzamentaria e de (...) de gasto. Facíase constar na liquidación do orzamento do 2013, que se había levado ao Pleno de marzo daquel ano. Nos presentamos o Plan Económico Financeiro aos grupos nun Pleno no mes de abril, que por certo non sei si se lembran, porque hai que facer memoria, a oposición naquel momento en maioría nos obrigou a repetir ese Pleno 48 horas despois, e o único que levábamos a ese Pleno, e o único refrome polo contido, era a presentación do Plan Económico Financeiro. Naquel caso houbo que celebrar dous Plenos para presentalo, para dar conta do Plan Económico e este Goberno. Este trámite pasouno totalmente polo forro e nin nos trae, nin nos trouxo o Plan Económico Financeiro a presentación. Entón, a ver si nos pode explicar, non sei, o que puido haber pasado porque o que nos traen agora aquí é a aprobación do Plan, non a presentación do mesmo. E si volvemos a ler o artigo, pois os prazos (...) intervención, están totalmente fóra de prazo de aprobación do Plan Económico. Este grupo, por suposto que así non vai a apoiar o documento que hoxe nos traen aquí ou a proposta que nos trae este Goberno. Dicir tamén que o Plan Económico que aprobamos, grazas ao voto de calidade do alcalde nese momento, porque todos os grupos da oposición se abstiveron ou perdón votaron en contra, conseguiu corrixir o desvío ou digamos a deficiencia que tiñamos coa Lei de Estabilidade Orzamentaria, que no mesmo ano 2014 con activos, a estabilidade orzamentaria alcanzaba mais de medio millón de euros, por certo dicir que neste caso, quédase en 130.000. O nivel de endebedamento o conseguimos levar a mínimos históricos no concello e a regra de gasto do ano 2014 superaba os 450.000 euros. Un ano despois, o Goberno, co actual Goberno, vemos que a estabilidade orzamentaria baixou 400.000 euros, que o nivel de endebedamento por suposto tamén baixou, porque non se fixo ningunha operación diferente, e a regra de gasto pasou de 452.000 euros en positivo a 73.800 en negativo. Entón pois eu non sei si o Alcalde neste caso, que vai asumindo as competencias de Economía e Facenda, nos poda ter algún dato mais. Polo momento nada mais. Grazas.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Salgueiro. ¿Intervencións...Sr. Gómez? Ten vostede a palabra.

Sr. Gómez: Boas tardes a todos e a todas. Imos ver, creo que mais ou menos xa a Sra. Salgueiro (...) a nosa decisión. Imos ver, este é un Plan Económico Financeiro que se nos trae, pois cuns pequenos desaxustes no gasto, como nos acaba de comentar a compañeira de corporación, pero aparte pois (...) vostedes fixeron unha liberación de orzamento en marzo e non se fixo a presentación, cando hai un mes mais ou menos para solicitar a presentación e dous meses para traela e sacar o informe ao Concello. Si se fixo a liquidación do orzamento en marzo estamos no mes de xullo neste caso. Entón, entre o desaxuste que esta fóra de tempo, e tampouco vou entrar mais en materia, vostedes o saben, nos o sabemos, pois a situación é o que aquí nos trae, non. En un principio, eu creo que aquí a Sra. Salgueiro lle dicía que nos explique un pouco, a non ser que isto cambie ou dea unhas explicacións. O grupo Municipio por Gondomar vai a votar en contra de este Plan. De momento nada mais. Moitas Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas. ¿Mais intervencións? ¿Ningunha mais?

Brevemente dicir, que os informes de intervención obviamente están aí, son obxectivos, tampouco se poden ocultar, nin é esa a intención de este Goberno. Este...os pequenos desaxustes dos prazos tiñamos tres meses para traelo, nos imos a catro contando este mes, obviamente. Si, o problema que temos, e non é unha escusa, é unha realidade, vostedes coñecen tan ben como coñece este Goberno a situación que padecemos no departamento de intervención, que estamos sen interventora polo menos dende fai seis meses ou así, incorpórase a finais de este mes. Onde temos unha auxiliar administrativa que está facendo as funcións de interventora accidental e é a única persoa que está no departamento. Ten que informar todo tipo de proxectos, obras, etc., etc., xa saben vostedes e obviamente, isto nos leva a que tiña que estar isto presentado no Pleno anterior para que estivera en tempo e forma segundo din, e non está, e ese é o motivo da situación que padecemos. Despois xa non vou falar moito mais, os datos están aí, estamos falando dun exercicio do 2015, saben vostedes tamén que pasou no 2105, porque no primeiro semestre estaban vostedes no Goberno. Os proxectos que se fixeran, o gasto que se fixo e...iso está aí, nos non estabamos, estaban vostedes, ese é un dos puntos tamén que nos trae a esta situación. Vostedes verán o que fan, eu non lle vou a dicir nada mais, teñen aí os datos. Nos pola nosa parte traemos isto aquí tan pronto como podemos elaborar todos os informes e o departamento de intervención os puido traer. Eu non teño moito mais que explicar, tamén saben que o departamento de Economía e Facenda, departamento que eu asumo dende fai pouco tempo, e estamos falando dun Plan Financeiro que non é de este ano obviamente. Nada mais. ¿Mais palabras, intervencións? ¿Sr. Pauliño del Río ? Ten vostede a palabra.

Sr. Pauliño del Río: Grazas Sr. Alcalde. Ben imos ver, aquí dende CABE pensamos dúas cousas, por un lado hai un tema de (...) e por outro lado hai un tema de fondo. Eu entendo as excusas do Sr. Alcalde, pero hai un feito evidente, que a liquidación do orzamento está asinada por resolución de Alcaldía de data 26/02/2016 e a Lei é taxativa. Pasado un mes como máximo hai que ter presentado ante o órgano de decisión o Plan Económico Financeiro, non a aprobación, a presentación, é dicir que ante (...) así o establece a norma, o órgano competente para aprobar este Plan Económico Financeiro é o Pleno do Concello. Polo tanto non é que houbera que telo presentado nun Pleno anterior, que habería que telo aquí en marzo e estamos en xullo, non lle podemos admitir este asunto. A maiores, unha vez que nos tomamos consciencia de esa situación e que o Goberno nos presenta o Plan temos como máximo dous meses para a súa aprobación dende a presentación e tres meses dende que se toma a situación en consideración, é dicir que o límite que marca a aprobación é o límite da entrada en vigor das medidas porque un e dous meses dende a presentación (...) tres meses dende que se toma en consideración, é dicir que este Plan tería que estar aprobado antes de que rematara maio e estamos en xullo noutro tema, polo tanto non é que haxa un problema.. eu



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

evidentemente, non vou a facer referencia, nunca o fixen, que beneficiara ou prexudicara, ningunha escusa ou referencia, téñolle dito moitas veces ao PP, aos técnicos municipais. É moi dado por parte dos corporativos botarlle a culpa, ou escusarse, non botarlle a culpa aos técnicos municipais, pois forma parte, entra dentro do cargo asumir as consecuencias da administración municipal. Xa sabemos cal é a situación pero hai unha funcionaria que cumpre, que está nomeada e que seguro que ten capacidade e coñecementos para realizar o seu traballo e escusarse neso non parece unha boa idea. Para rematar co tema de procedemento resulta cando menos (...) cómo nos traen isto, porque a proposta da Alcaldía é curiosa, se me permiten voulla ler, di: primeiro quedar enterado do resultado da avaliación do cumprimento da (...) regulamentaria (...) primeiro nos damos por decatados, segundo aprobamos o Plan Económico Financeiro, terceiro a non dispoñibilidade de créditos na partida orzamentaria 01191300 por importe de 73.868,69 euros, é dicir aquí en unidade de acto traemos todo, é dicir, é un pouco, permita vou a dicir un disparate, pero é para que me entenda, é un pouco cómo aquela famosa aprobación do PXOM en un Pleno. Aquí hai uns trámites que hai que cumprir e vostede trae á presentación do Plan, a probación do Plan e as medidas coercitivas que hai que empregar cando non se cumpre a aprobación do Plan, e iso se refire o apartado terceiro á non dispoñibilidade dos cartos por valor do total da regra do gasto que é unha medida coercitiva, a non dispoñibilidade dos créditos, cando non se ten presentado e sobre todo aprobado o Plan Económico Financeiro. Entón evidentemente unha das pautas que marca a norma, creo lembrar que no artigo 25 fala da non dispoñibilidade dos créditos, e vostede fai todo neso, nun mesmo acordo Plenario trae todo en unidade de acto. A verdade que traer aquí xa medida coercitiva indica claramente por onde andamos. Polo tanto dende o punto de vista procedimental non nos parece oportuno, nin procedente. Nos, claro que temos que tomar en consideración, e nos damos por decatados como di o primeiro punto, claro que nos damos por decatados e eu creo que imos a actuar en consecuencia. Nos damos por decatados e é que este Plan Económico Financeiro non está presentado en tempo e forma, e para colmo, imos a aprobar unha medida coercitiva que so se da cando hai incumprimento da aprobación dese Plan. E agora imos entrar un pouco no fondo do asunto.

O Plan Económico Financeiro non deixa de ser un disparate mais do austericidio instaurado polo PP. Unha das causas do austericidio é a asfixia das administracións públicas e entón collemos a regra do gasto, unha regra do gasto que indica, non imos aburrir aquí con temas fiscais ou tributarios ou de contabilidade, hai unha serie de capítulos que hai mais ou menos que compensar pero ¿qué pasa? A regra de gasto está directamente vinculada a dous temas; por un lado a regra do gasto do exercicio anterior e en segundo lugar a unha porcentaxe que marca o estado. Entón a regra do gasto está contable e fiscalmente moi restrinxida, moi metida nun caixón para que as administracións públicas non poda saír dese caixón ¿Qué pasou en Gondomar? Eu non sei si este, porque non teño datos ao alcance neste momento, si a regra do gasto é un incumprimento por parte do Goberno do PP o por parte do Goberno do Sr. Ferreira, pero teño unha cousa moi clara ¿por qué se produce este incumprimento de gastos? Porque hai un capítulo que é o capítulo nove, onde había mogollón de cartos para pagar un crédito que pedira, que estivemos dous anos pagando xuros e cando imos a amortizar, cando remata o período de carencia decide clausurar ese crédito e entón evidentemente todos os cartos que tiña o Concello para pagar, ese pasivo financeiro que se chama, quedou libre e entón este ou calquera outro Goberno en boa (..) diría, coño si aquí temos 190.000 euros, 200.000, 300.000 euros imos darlle saída, e ¿onde lle imos dar saída, capítulo dous, capítulo catro, capítulo seis, é dicir, gastos correntes, transferencias correntes e inversión ¿por qué? Porque evidentemente hai cousas que gastar, transferencias que facer e inversións que realizar nos concellos, pero curiosamente ¿qué pasa? Que mentres os capítulos dous, catro e seis entran na regra de gasto, o capítulo nove, que foi de onde se sacou, non entra co cal se está dicindo que incumprimos a regra de gasto. Si incumprimos un criterio meramente financeiro pero o único que fixemos foi coller uns cartos da administración pública e produtivos e poñelos a producir, iso foi o que se fixo. É dicir non imos a pagar créditos, pois



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

temos mais cartos para facer obras, para facer inversións, para encargar proxectos, para facer na estrada ou o que sexa, pero ¿qué pasa? que contablemente non é factible porque como aumentamos os capítulos dous, catro e seis pero á súa vez non reducimos o nove porque, contablemente non entra para consultar a regra de gasto, evidentemente nos pasamos da regra de gasto ¿e qué? Pois agora hai que facer o que hai que facer, ¿produto de qué? Do austericidio, estas regras disparatadas que hai neste momento por parte do Goberno Central, mais preocupado en que as administracións non gasten e darlle vía ancha á empresa privada, que en realidade é racionalizar o gasto público, e é bastante entendible para calquera, se faría na empresa privada, que si eu teño cartos ou no ámbito familiar, que aquí volo vou a contar, que si eu teño uns cartos comprometidos para un crédito e os libero, pois gasto noutras cousas, evidentemente, pero aquí non se pode facer. Entón a cantidade da regra de gasto tampouco é excesiva, son 73.000 euros e a maiores unha das propostas que fai como medida coercitiva é dicir, oe imos coller eses cartos para que non haxa tentacións e os imos a meter baixo sete cadeados que é a medida que pon aquí no punto terceiro: a non dispoñibilidade de cartos, por si o Goberno ten a (...) de meter man. Bueno...problema de austericidio, témolo claro, procedementalmente é un disparate. A nivel de economía do Concello non hai un desequilibrio, non hai déficit, vale, pero hai mais problemas evidentemente. O problema son as medidas que propón este Goberno e co as que nos tampouco estamos de acordo. Non é para nos fundamental este desequilibrio, si o é a forma que teñen de presentalo ao Goberno, e si o son as medidas que propón. Por exemplo, gustaríanos que na presentación, cando menos o responsable, nos dera unha pequena pincelada polo menos aos que somos como (...) nesta materia sobre as medidas que vai implementar o seu Goberno. Por exemplo no capítulo 1, propón o Goberno non incrementar a plantilla de persoal. Pois nos non estamos de acordo, nos non estamos de acordo e sobre todo nunha cantidade evidentemente tan pequena da desviación, é dicir este Concello, unha vez aprobado este Plan Económico Financeiro non vai poder aumentar o persoal durante os dous primeiros anos, no 2016 e no 2017, e a verdade é que nalgúns departamentos pois si que é necesario ampliar e iso vai ser unha débeda que este Goberno colleu, meteu aquí e vai impedir a súa acción de goberno. Nos pois non estamos de acordo. Curiosamente logo imos ao que son, iso é o que dí a letra, logo imos aos números e curiosamente a única partida de gasto que se prevé que se vai incrementar é o capítulo 1. Parece que hai unha contradición ou gato encerrado, non o sabemos, porque evidentemente a min se me ven á cabeza agora que hai unha relación de postos de traballo ou había unha relación de postos de traballo por aí que vai supoñer cartos para o Concello. Non sabemos si vai entrar dentro ou non de este tema, pero evidentemente cando se fan as previsións do 2016 e do 2017, no capítulo 1 que é o capítulo correspondente aos gastos de persoal, é creo lembrar, falo de memoria e teño unha memoria bastante mala, de que si non é o único, é o aumento mais significativo. Ben, non estamos de acordo, non temos moi claro tamén o que pasa con determinadas competencias impropias, que vai pasar con determinadas competencias como son Educación, Servizos Sociais, etc., etc., que quedan en este Plan Económico Financeiro nun limbo, porque dí que evidentemente vai a haber o desenrolo da famosa Lei que ten que entrar en vigor o 31 de decembro do 2015 que vai a haber, parece ser un desenrolo desta Lei porque era outro disparate importante pero o Plan Económico Financeiro o único que dí é: existen determinados servizos públicos que na actualidade se prestan pola administración municipal como competencias impropias, Servizos Sociais, Educación, Sanidade, Emprego, que teñen que estar rexidas ou financiadas pola Deputación Provincial ou pola Comunidade Autónoma, segundo os casos. O exercicio de estas competencias ou a súa delegación está pendente de desenrolo polas administracións afectadas. Polo que é ter previsible que se (...) relevante. Este tipo de conceptos xurídicos indeterminados, e cando falamos de números, eu non os acabo de entender. Despois en inversións reais di, imos coller inversións reais que non supoñan, que teñan financiamento afectado, que non supoñan o gasto de recursos propios, pois estamos de novo limitando moito a acción do Goberno Sr. Ferreira, porque si so imos poder acceder a determinadas inversións



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

ou subvencións,etc.,etc., sen poder utilizar fondos públicos e só financiamento afectado vai a estar complicado este asunto. Ben, e nun principio, para non aburrir,mire a previsión do Concello de Gondomar do capítulo 1, vai pasar de menos de dous millóns no 2015, 2.714.000 á previsión de 2016 de 2.975.000 euros e no 2017 de 3.050.000. Esas son as previsións que fai vostede,que non fai este grupo político (...). Sen embargo nos gastos de bens correntes hai unha diminución clara, de case 200.000 euros, se manteñen os gastos financeiros e as transferencias correntes e os investimentos reais para vostede son un millón de euros con financiamento afectado, salvo que cos recursos propios non se van a poder facer porque unha das causas de incumprimento segundo a documentación posta a nosa disposición son determinados programas como o (...) ou como os PPO da Deputación Provincial ou determinados proxectos de obra, etc., etc. que se fan. Bueno a ver de onde sacan evidentemente os cartos para manter este nivel de investimentos con financiamento (...). Polo tanto visto o procedemento e vistas as medidas que propoñen para solucionar este capítulo, este desequilibrio da regra do gasto e visto que foi presentado tarde, mal e arrastro e aparte non estamos a prol desta medida, o noso voto evidentemente vai ser en contra. Vostede, afortunadamente para a administración municipal pode usar unha disposición transitoria, unha disposición, perdón, adicional decimosexta, da Lei do Réxime Local.

Sr. Alcalde: Seino,grazas.

Sr. Pauliño: E vai poder no caso de que non pase, eu non sei como estamos (...) vai poder vostede aprobar este Plan traído aquí desta maneira na próxima Xunta de Goberno Local. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, grazas Sr. Pauliño.Grazas pola súa información extra sobre como sacar adiante o Plan Económico Financeiro en outro órgano colexiado que non sexa este. Llo agradezo de verdade.

Bueno eu vou a ser moi sincero e moi honesto. Primeiro voulle dicir, déixenme a min que eu creo que sei o que fago, primeiro tema. O tempo pon as cousas no seu sitio, para matizar so un tema que vostede di, no capítulo 1 non vai incrementar persoal, soamente imos cubrir as vacantes. As vacantes que hai que son bastantes, que xa estamos cubrindo, como son, policías, peóns, conserxes, sóalle aquilo do que vostede empezou e eu rematei. Pois xustamente é o que estamos facendo co incremento de persoal dentro do concello. E tamén llo vou dicir ¿sabe ónde está o incremento do capítulo 1? Entre outras cousas,pois incremento en función das previsións da Lei de Orzamentos Xerais do Estado, así como dos importes relativos aos devengos dos trienios por parte do persoal, por exemplo, onde non lle cadra, está todo mais ou menos estudado, non vaia pensar que hai cousas raras, isto mire eu por desgraza ou por sorte teño que traballar sobre unha documentación e sobre uns feitos que emanan do Partido Popular do 2015, que cando falamos deses 73.000 euros non é cousa miña, é cousa do Partido Popular. Cando falamos de facer modificacións orzamentarias, son súas, non son miñas, aquí están, as asina vostede tamén, entón oe, a min agora me toca levar este tema adiante. Eu vou a levalo con tranquilidade e voume aplicar aquilo de que fai mais o que quere que o que pode, e eu dende logo quero e non podo, porque para poder hai que ter apoios. Entón hoxe o Plan Económico Financeiro non pasará polo que se deduce, salvo que o Partido Popular teña un xesto de xenerosidade consigo mesmo e saque ao pai da criatura, que polo menos se absteña, pero si vota en contra, alá cada quen.

Eu so asumo a parte de culpa que me toca, que é irrenunciable, non teño salvación, non teño excusas, que son os prazos, os modos e as formas. Isto tiña que vir aquí doutra maneira, non como viu, e tal como o traio non ven ben e iso é culpa miña. Que tiña que haberse traído aquí, aos dous meses, aprobalo e non traelo agora todo xunto, a salto de mata, para querer aprobalo e salvar un pouco esta situación e iso si que é culpa do Alcalde porque o final é verdade que está para o bo e para o malo e é culpa miña, eu non lle boto a culpa a ninguén,nin a un



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

funcionario nin nada. Eu sei a situación que teño, que padezo, que teño que sufrir e recoñezo que moitas veces non se pode estar a todo e fai falla alguén que estea sempre aí dicindo isto, isto, isto, e a min a verdade non foi o caso e cando me saltaron as alarmas xa había pasado o día e polo tanto é un dato obxectivo, eu non teño escusa, iso tiña que estar, pero tamén non me queda outra que traelo así, hai que traelo, si pasa, pasa e si non pasa, non pasa, pois levarémolo á Comisión de Goberno, a onde sexa ou inmolarémonos, pero eu asumo a miña culpa no referente as formas e aos prazos, isto non hai por onde collelo. Espero ademais que si estou para o ano que non me pase. Procuo cometer sempre un erro e non dou pero eu tamén aquí non lle veño a pedir que me levanten o castigo, eu estou disposto a asumilo. So lle veño a dicir que voten a favor do Plan Económico Financeiro, que voten o seu Plan e que voten as súas modificacións orzamentarias e que voten a prol de Gondomar, e remato. A última intervención de palabra Sra. Salgueiro...

Sra. Salgueiro: Boas tardes, outra vez. Creo que (...) Plan Económico Financeiro levámolo nos do ano 2014, o Plan Económico Financeiro presentámolo nos e grazas a vostede tivemos que repetir un Pleno, un Pleno de presentación. Vostede agora fai mención a que non sabía, que pasou por alí e que se quedou de refilón, pero vostede formou parte da anterior corporación, temos aquí as actas, se quere lle leo o que dixo vostede cando levamos a presentación do Plan.

Sr. Alcalde: Dígame vostede si contaba vostede cos informes dos técnicos, ese que traía vostede a Pleno, a diferenza.....dígame si o tiña.

Sra. Salgueiro: Sr. Alcalde o Plan Económico Financeiro (...) nos é o que vostede acaba de facer agora, entón, vostede aprazou, foi un dos que apoiou, digamos non apoiou, mellor dito a ausencia obrigounos a celebrar un novo Pleno, que non pasa nada, celebrouse. Aprobouse co voto de calidade do Sr. Guitián, en aquel momento alcalde con cinco concelleiros da corporación que por certo nese mesmo Pleno, houbo un rife e rafe entre vostedes (...) Araúxo, dando a entender un pouco que grazas a algúns pasaba o Plan Económico Financeiro, para (...) entón non pode dicir que vostede que non sabía, ou sexa o Plan Económico Financeiro tiña que vir á presentación un mes despois da constatación do (...) por favor...

Sr. Alcalde: Acabo de aceptar ese, esa responsabilidade e creo que non dixeran para nada...

Sra. Salgueiro: Non, está dicindo que foi un mes despois, non foi un mes despois, no mes de febreiro tiña que haber presentado.

Sr. Alcalde: Sra. Salgueiro non quero cortala pero voulle a dicir, asumo responsabilidades, estoulle dicindo que isto atendendo a prazos e forma que non ten escusa, que está mal exposto e é problema meu, por aí eu dígo que non siga porque é verdade.

Sra. Salgueiro: ¿Podo continuar?

Sr. Alcalde: Pode continuar

Sra. Salgueiro: Entón o Plan que vostede está dicindo, o Plan Económico noso sabe que non é o Plan Económico noso é o Plan Económico seu, o Plan Económico noso aprobouse, repito co voto en contra seu, e do seu tenente alcalde, co voto en contra seu e grazas a aquel Plan Económico Financeiro, e grazas aos esforzos dos veciños de Gondomar, como sei de corrixir o mesmo exercicio a estabilidade orzamentaria é a mesma de gasto, entón non veña a dicir o Plan, o Plan noso si, o Plan noso aprobouse, o Plan noso corrixiu o desequilibrio e un desequilibrio que fomos capaces de manter no 2014 e no 2015. Estamos aquí ante outro



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sra. Salgueiro: Entón o Plan que vostede está dicindo, o Plan Económico noso sabe que non é o Plan Económico noso é o Plan Económico seu, o Plan Económico noso aprobouse, repito co voto en contra seu, e do seu tenente alcalde, co voto en contra seu e grazas a aquel Plan Económico Financeiro, e grazas aos esforzos dos veciños de Gondomar, como sei de corrixir o mesmo exercicio a estabilidade orzamentaria é a mesma de gasto, entón non veña a dicir o Plan, o Plan noso si, o Plan noso aprobouse, o Plan noso corrixiu o desequilibrio e un desequilibrio que fomos capaces de manter no 2014 e no 2015. Estamos aquí ante outro incumprimento das medidas que establece a Lei (...) do Goberno. Pero é mais, voulle ler, voulle a ler o primeiro punto do informe de intervención; O incumprimento trae causa fundamental na aprobación de modificacións de crédito no capítulo 2 (xa o comentou antes aquí) por importe de 228.570 euros que foron financiados mediante bancos en créditos precedentes do capítulo 9 ao dispoñer do crédito dispoñible en ese capítulo como consecuencia da cancelación da operación de crédito formalizada no (...). Ben, claro que si, nos tamén tiñamos partida suficiente no 2014 para poder modificar, para poder facer modificacións de crédito en base a ese capítulo, pero non o fixemos. Grazas a non facelo non incumprimos a regra de gasto. Pero vou máis alá, pero di que el ven con un problema herdado, non, te vou a dicir que cando se aprobaron as modificacións de crédito que deron lugar a este desequilibrio, as modificacións de crédito se aprobaron aquí, ademais no Pleno nos meses de setembro e outubro, como comprenderá nos meses de setembro e outubro, estaba vostede na rúa, antes do 13 de xuño non houbo ningunha modificación de crédito que puidese dar pé a este incumprimento. E en abril de 2014 tiñamos partidas igualmente dispoñibles e non fixemos ningunha modificación de crédito que puidese desencadear un incumprimento da Lei (..) Entón ademais de asumir o tema do vencemento ou de prazos, asuma tamén que o incumprimento veu dado polo seu Goberno non polo noso. Grazas. Perdón, anunciamos que o noso voto vai ser en contra.

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Salgueiro. Si hai dous motivos que nos levan a isto, ¿non? o que vostede di do capítulo 9 mediante estas dúas modificacións, si, si o di o informe e tamén o estaba dicindo vostede ¿non? vale. Grazas a estas dúas modificacións que se fixeron, unha de setembro e outra de outubro, o meu Goberno, e despois tamén se di, ademais se levaron a cabo múltiples inversións financiadas pola Deputación de Pontevedra mediante o PUXIM e o POS que provocaron que as direccións de obra e a coordinación de seguridade e saúde foran por conta do Concello, financiadas por fondos propios, o que incrementou considerablemente o capítulo 2. Estas inversións financeiras, isto que acabo de dicirle, non o fixen eu, fixérono vostedes cando estaban no Goberno, no primeiro semestre e último semestre do seu Goberno, polo tanto o que lle estaba dicindo, o que lle está dicindo este informe. Mire, hai dúas cousas que non están ben, as modificacións orzamentarias que fixo o Goberno de Ferreira e o gasto que fixo o Goberno de Guitián, iso tamén aclaralo, non vaia a ser que ao final sexa todo meu, e dentro das modificacións orzamentarias que fixo Ferreira tamén hai que dicir que son do ex-concelleiro de Economía e Facenda. Entón con isto que quero dicir, que oe, non son tan malo, somos todos un pouco, un pouco malos, pero cando chegamos aos prazos iso é culpa miña, iso é culpa miña por non andar fino e é verdade. Polo tanto aclarados xa estes temas, eu creo que isto non da para mais, ademais xa hai un (...) a ver qué quere Sr. Pauliño dígame, ten vostede a palabra.

Sr. Pauliño: Imos ver, crín que ía dar unha última quenda de intervencións, dixó.

Sr. Alcalde: Está todo falado, si se vai votar en contra ¡qué problema hai! pois veña, ten a palabra si.

Sr. Pauliño: Imos ver Sr. Ferreira, as modificacións de crédito que vostedes sinalan aquí, están traídas a este Pleno, di vostede, e votadas aquí, teñen uns determinados informes. Ao mellor está ben que o diga e evidentemente si é que esa carta pois para facer investimentos no



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Concello de Gondomar eu asumo a miña parte, por suposto, asumino no seu momento e asúmoo agora. O que non vai a asumir esta formación política é, nin as formas nin o fondo do seu Plan Económico Financeiro que non é do cha, cha, cha, nin de quen matou a Manolete, nin o que pasaba por alí, é seu, porque vostede sigue sendo o Alcalde de Gondomar, sigue estando ao fronte dun Goberno e propón unha medida aquí no Pleno. Toda é súa, e debería de asumila, o fondo e forma.

Sr. Alcalde: ¿Outra vez? Pregunto..xa o levo asumido sete veces, ¿qué quere, que me suicide?

Sr. Pauliño: Non escóiteme, vostede falou das formas e dos prazos, pero despois hai un Plan Económico Financeiro cunhas medidas determinadas que tamén ten que asumir e coas que nos non estamos de acordo. Ao mellor a outras propostas estaríamos dispostos, dende logo as que manteñen, as que están escritas aquí, non as temos porque asumir, nin as imos asumir, nin estamos a prol delas e polo tanto non é so as formas e o fondo senón o fondo da cuestión que tamén é seu e polo cal lle imos dicir que non. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Del Río, Sr. ou Sra. ¿quén pide a palabra de vostedes? ¿ningún?

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 07 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE, 3 do Grupo Municipal de Manifesto Miñor; 10 votos en contra: 4 do Grupo Municipal do PP, 3 do Grupo Municipal I.X.G, e 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto; e ningunha abstención, acorda rexeitar a proposta arriba transcrita

3. Resolución expediente investigación camiño n.º 77 en Portavedra.

Sr. Araújo: Grazas Sr. Alcalde, boa tarde. Ben, este como vostedes saben, é un tema xa recorrente tamén e tiveron tempo dabondo de saber, teñen a documentación toda nas súas mans, non vou ler os antecedentes, simplemente citar que empeza cunha...son catorce (...) simplemente dicir que me aparece con un antecedente que é un requirimento ao arquitecto municipal para iniciar o procedemento de corrección dese camiño. Estamos falando dun camiño que xa era público que (...) se está facendo e corrixindo o mal grafiado que tiña unha planimetría do inventario nas fichas e remata con outro antecedente que é a dilixencia do encargado do Rexistro onde di, fai constar que non houbo alegacións ao respecto.

Polo concelleiro José Antonio Araújo Quintas dáse lectura do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Pleno de data 04.07.2016, que literalmente di:

“Vista a proposta do concelleiro de Urbanismo de data 01.07.20165, que literalmente di:

ANTECEDENTES

O día 08.02.2016 o concelleiro de Urbanismo require ao arquitecto técnico municipal informe técnico para que proceda ao inicio do expediente de investigación do camiño 77 sito na Portavedra na parroquia de Mañufe debido a un erro no grafiado do mesmo .

O día 22.02.2016 o arquitecto técnico municipal emite informe.

O día 23.02.2016 requírese á policía local informe e ao arquitecto técnico novo informe.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Con data 11.04.2016 (RE 1630) recíbese contestación da Consellería de Facenda onde manifesta que non se pronuncian ao respecto.

Con data 21.04.2016 (RE 1811) recíbese contestación do Ministerio de Hacienda e Administracións Públicas onde manifesta que se lle remita a resolución do expediente de investigación do camiño 77.

O día 25.05.2016 emítase informe asinado polo arquitecto e arquitecto técnico municipal onde fan constar a nova ficha do inventario de bens modificada.

O 02.06.2016 o encargado do rexistro de entrada emite dilixencia onde fai constar que non houbo alegacións ao presente expediente.

O día 02.06.2016 emítase informe do secretario municipal desfavorable.

O día 03.06.2016 mediante resolución do concelleiro de urbanismo ponse de manifesto o expediente aos interesados.

O día 07.06.2016 notificase a resolución anterior á Comunidade de Montes de Mañufe.

O día 13.06.2016 notificase a resolución anterior a Francisco Javier Novoa Lorenzo.

O día 01.07.2016 o encargado de rexistro emite dilixencia onde fai constar que non se presentaron alegacións.

O día 01.07.2016 emítase certificado do secretario municipal.

O día 01.07.2016 o encargado de rexistro emite dilixencia onde fai constar que os interesados non presentaron alegacións.

PROPOÑO ao pleno,

Primeiro.- Declarar concluso o expediente de investigación do camiño 77 sito en Portavedra, parroquia de Mañufe, declarando o carácter público do tramo de camiño investigado conforme a ficha do punto seguinte.

Segundo.- Rectificar o erro advertido no inventario en relación a un tramo do camiño 77 sito en Portavedra, parroquia de Mañufe, do xeito indicado no plano e na ficha elaborada polo arquitecto municipal e arquitecto técnico municipal do seguinte xeito:

FICHA MODIFICADA DO INVENTARIO

Inventario de Bens

Concello de Gondomar

EPÍGRAFE 1º - BENS INMOBLES	Nº de orde do inventario	857
GRUPO C - VIAS PÚBLICAS	Nº de orde do Grupo	0000000562

Datos da propiedade

Nome:	CAMIÑO Nº 77	Zona:	BO PORTAVEDRA PQ MAÑUFE
Carácter do dominio:	PÚBLICO		
Procedencia:	OUTRO	Clase de documento:	Data do documento:

Orden	Tramo	Itinerario	
1	A-B	Comeza en: CR PORTAVEDRA Pasa por: Termina en: FINCA R.C.: 54021A114003470001TP	
Calzada:	Ancho: 3,30	Lonxitude: 151,00	Firme: asfalto
Cuneta: Sen perfilar		Estado: Bo	Valor: 10.000,00
Beirarrúa:	Ancho: 0,00	Lonxitude: 0,00	Solado:
Bordillo:		Estado:	Valor: 0,00



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

Outros datos

Datos de contabilidade:

Observacións: Plano 8-4.

Valoración

VALOR DA VÍA PÚBLICA: 10.000,00 €

Terceiro.- Darlle traslado do presente acordo a cantos interesados houberse no procedemento.
Cuarto.- Publicar o presente acordo no BOP e na web municipal cos recursos que procedan, a efectos de coñecemento xeral."

A Comisión Informativa, por maioría dos seus membros presentes (04 votos a prol: 03 dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, 01 do membro do grupo municipal M.M.; 04 abstencións, 02 dos membros do grupo municipal do PP, 01 do membro do grupo municipal Gondomar Concello Aberto e 1 do membro do grupo municipal IXG; e ningún voto en contra) ditaminou FAVORABLEMENTE o asunto."

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Araúxo ¿intervencións? ¿ningunha?

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade de todos os membros presentes, acorda aprobar a proposta arriba transcrita

4. Fiscalización e control dos órganos de Goberno.

- a. Dar conta do informe de Intervención, Execución Trimestral EELL 1º trimestre 2016.

Pola Presidencia dáse conta do Informe de Intervención de data 06.06.2016 que ten como conclusión o seguinte:

"IV. CONCLUSIÓN DO INFORME DE AVALIACIÓN:

Cos datos de execución orzamentaria existentes a 31 de marzo de 2016, o Concello de Gondomar:

Cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, estimándose unha capacidade de financiamento ao peche do exercicio de 501.669,66 €.

Cumpre co obxectivo de débeda viva.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

O modelo deseñado pola Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais para a remisión de información por parte do Interventor municipal do 1º Trimestre de 2016 establece que debe darse conta ao Pleno do Informe de Intervención de avaliación de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Sinalar a este respecto, que no caso de que poida derivarse o mesmo incumprimento no **Orzamento, modificacións e/ou liquidación**, haberá que aplicar o artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, onde se establece que a entidade local **debe remitir o informe** á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou **ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira no prazo de 15 días**, contados dende o coñecemento deste informe polo Pleno, debendo aprobarse polo Pleno un Plan Económico-

Financeiro de reequilibrio a un prazo máximo dun ano (art. 21 LOEPSF) co contido e na forma que establecen os artigos 19 a 21 do citado regulamento, no prazo máximo de tres meses. Dito plan obterase como consolidación dos plans individuais das entidades que se inclúen no análise.

Aprobación e publicación (artigo 23.4 da LOEPSF) (artigos 21, 22, 24 e 26 do REGULAMENTO):

O plan económico-financeiro, no seu caso, debe ser elevado ao Pleno no prazo máximo dun mes dende que se poña de manifesto o desequilibrio, e no caso das Entidades Locais non incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 TRLRHL, o plan non requirirá ningunha aprobación adicional, debendo ser comunicado ao órgano competente da tutela da Comunidade Autónoma.

O Pleno dispón de dous meses dende a presentación do plan para a súa aprobación.

As responsabilidades por incumprimento desta obriga detállanse no artigo 25 LOEPSF.

Neste senso, informar que no informe de Intervención emitido en relación á Liquidación do Orzamento do ano 2015 manifestábase o seguinte: "Á vista do informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, despréndese que a liquidación do orzamento non cumpre o obxectivo de regra de gasto en 73.868,69 euros, polo que se deberá elaborar un plan económico-financeiro, de acordo co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, cuxa vixencia se estenderá durante o ano en curso e o seguinte".



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

É canto se ten a ben informar. Non obstante, esa autoridade, co seu superior criterio resolverá o máis conveniente para os intereses municipais."

O Pleno da Corporación Municipal queda informado.

b. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, Tomo V 2016.

En cumprimento do disposto no art. 33 do Regulamento Orgánico deste Concello, dáse conta das Resolucións adoptadas por esta Alcaldía no ano 2016 dende o:

601/5 do 02 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de obras.

602/5 do 02 de maio de 2016, Resolución relativa a Complementación da execución da sentenza ditada polo Xulgado do Social Nº2 de Vigo dentro do Procedemento Ordinario 648/2015.

603/5 do 02 de maio de 2016, Resolución relativa a Horas extra realizadas por persoal laboral do Concello (Alexandra Pereira Novoa).

604/5 do 02 de maio de 2016, Resolución relativa a Horas extra realizadas por persoal laboral do Concello (Eva Giménez Fernández).

605/5 do 02 de maio de 2016, Resolución relativa a Acta da comisión de valoración das axudas municipais para comedor escolar dos/as usuarios/as dos centros de ensino público non universitario do Concello de Gondomar que contan con servizo de comedor e que se serán xestionados polo concello en virtude do convenio de colaboración coa consellería de cultura, educación e ordenación universitaria.

606/5 do 02 de maio de 2016, Resolución relativa a Solicitude para a tirada de fogos artificiais nas festas que se celebrarán os días 14 de maio de 2016, na honra da Virxe de Fátima, no barrio de Peroleira da parroquia de Peitieiros do Concello de Gondomar.

607/5 do 03 de maio de 2016, Resolución relativa a Horas extra realizadas por persoal funcionario do Concello (Carmen Rodríguez Barros).

608/5 do 03 de maio de 2016, Resolución relativa a Horas extra realizadas por persoal funcionario do Concello (Ana M^o Pequeño Riobó, María García Vázquez).

609/5 do 03 de maio de 2016, Resolución relativa a Horas extra realizadas por persoal funcionario do Concello (M^a José Bastos Alonso).

610/5 do 03 de maio de 2016, Resolución relativa a Nomeamento de tesoureira accidental.

611/5 do 04 de maio de 2016, Resolución relativa a Adhesión ao plan de co- financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais para o exercicio 2015 das Deputación de Pontevedra.

612/5 do 04 de maio de 2016, Resolución relativa a vista a necesidade de realizar o gasto de "axuda de emerxencia social para cobertura de necesidades básicas: Axuda económica para adquisición alimentos do mes de maio" solicitado pola Concelleira de Benestar social de data



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

25 de abril de 2016. Visto o informe da Traballadora social, Carmen Bugarín González, de data 25 de abril de 2016. Exp. PX nº30/2016.

613/5 do 04 de maio de 2016, Resolución relativa a Solicitude para a tirada de fogos artificiais nas festas que se celebrarán os días 6 e 7 de maio de 2016, na honra da Virxe da Concepción no Barrio de San Ciprián da Parroquia de Donas do Concello de Gondomar.

614/5 do 04 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de actividade. Exp. 12066.

615/5 do 04 de maio de 2016, Resolución relativa a Adhesión ao Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais para o exercicio 2016 da Deputación de Pontevedra.

616/5 do 05 de maio de 2016, Resolución relativa a Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 15/2016.

617/5 do 05 de maio de 2016, Resolución relativa a nomeamento de tesourería accidental.

618/5 do 06 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de obra. Exp. 12050.

619/5 do 06 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de presentación de declaración responsable para apertura de furancho. Exp. 11253.

620/5 do 06 de maio de 2016, Resolución relativa a Expediente reposición da legalidade incoado a María Magdalena Rial Rodríguez (Arrendataria) pola realización de obras e desenvolvemento de actividade de hostalería sen licenza/comunicación previa nun local sito en Rosalía de Castro núm. 9-Gondomar.

621/5 do 06 de maio de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº58.

622/5 do 06 de maio de 2016, Resolución relativa a Incoación expediente sancionador a María Magdalena Rial Rodríguez polo desenvolvemento de actividade de bar o día 15/06/2014 sen licenza nin comunicación previa de actividade e incumprindo horario de peche nun local sito na Rúa Rosalía de Castro núm. 9. Exp. 89/2014.

623/5 do 06 de maio de 2016, Resolución relativa a Incoación expediente sancionador a Purificación Domínguez Rodríguez polo abandono dun animal en Vilas 33, Morgadáns.

624/5 do 09 de maio de 2016, Resolución relativa a Incoación expediente sancionador a Antón Fernández Barcia por non axustarse á licenza de actividade de Café - Bar no uso e no horario de peche dun local sito na rúa Otero Pedraio núm. 3 (Bar Rañolas).

625/5 do 09 de maio de 2016, Resolución relativa a Declaración de caducidade e novo requirimento a Antón Fernández Barcia para suspensión inmediata de actividade de café Bar - Concerto e incoación Expediente de reposición da legalidade por ditos actos sen licenza ou comunicación previa.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

626/5 do 09 de maio de 2016, *Resolución relativa a Vista a necesidade de realizar o gasto de "Axuda de emerxencia social para cobertura doutros gastos de carácter excepcional: Gasto de funeraria de traslado do Hospital Povisa ao Camposanto de Vincios" solicitado pola Concelleira de Benestar Social de data 6 de maio de 2016.*

627/5 do 09 de maio de 2016, *Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº60.*

628/5 do 09 de maio de 2016, *Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº59.*

629/5 do 09 de maio de 2016, *Resolución relativa a Rectificación erro na Resolución data 02 de marzo de 2016, relativa á liquidación do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana a Clara Cancela Alonso expediente número 007112 02.12.15.*

630/5 do 09 de maio de 2016, *Resolución relativa a Declaración de Caducidade e nova incoación de procedemento de reposición da legalidade a Domingo González Alonso pola realización de obras de rehabilitación de vivenda sen licenza en Pregonegro - Vincios e desenvolvemento de actividade de hostalaría sen licenza nin comunicación previa. Exp. 132/2009.*

631/5 do 09 de maio de 2016, *Resolución relativa a Incoación expediente sancionador a Jaime Fernández Álvarez polo abandono dun animal en Cruceiro 6, Donas. Exp. 65/16.*

632/5 do 09 de maio de 2016, *Resolución relativa a Incoación expediente sancionador a Juan José Araújo Casellas por non adoptar as debidas precaucións con animais potencialmente perigoso en Mourisca, Chaín Exp.62/16.*

633/5 do 09 de maio de 2016, *Resolución relativa a Incoación expediente sancionador a Juan José Araujo Casellas pola non inscrición de un animal no rexistro potencialmente perigoso en Mourisca, Chaín. Exp. 66/16.*

634/5 do 09 de maio de 2016, *Resolución relativa a Incoación expediente sancionador a Eva María Simoes Cortegoso pola posesión de un can non censado Exp. 63/16.*

635/5 do 10 de maio de 2016, *Resolución relativa a Incoación expediente sancionador a Domingo González Alonso polo desenvolvemento de actividade hosteleira sen licenza nin comunicación previa nun local sito en Pegonegro, Vincios, Gondomar. EXPTE. 132/09.*

636/5 do 10 de maio de 2016, *Resolución relativa a Execución Forzosa da orde de legalización da obra realizada e da actividade de bar desenvolta nun local sito na rúa Urzáiz deste Concello por Domingo González Alonso. EXPTE 112/11.*

637/5 do 10 de maio de 2016, *Resolución relativa a Incoación expediente Sancionador a Eugenio Lorenzo Rodríguez polo abandono de un animal morto en Fraga, Vincios. EXPTE 64/16.*

638/5 do 10 de maio de 2016, *Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de declaración responsable para a apertura dun furancho. Exp. 12039.*



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

- 639/5 do 10 de maio de 2016, Resolución relativa a Declaración de caducidade e nova execución forzosa orde de demolición a Domingo González Alonso por incumprimento do requirido en expediente de reposición da legalidade. Expediente 12/03.
- 640/5 do 10 de maio de 2016, Resolución relativa a Nomeamento de tesoureira accidental.
- 641/5 do 10 de maio de 2016, Resolución relativa a Solicitud de anticipo de paga extra de xuño da traballadora M^a Carmen Rodríguez Pérez.
- 642/5 do 10 de maio de 2016, Resolución relativa a Liquidación do imposto sobre o incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP 000931 26.02.2016.
- 643/5 do 10 de maio de 2016, Resolución relativa a Liquidación do imposto sobre o incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP 000930 26.02.2016.
- 644/5 do 10 de maio de 2016, Resolución relativa a Paralización de actividade e incoación de procedemento de reposición da legalidade a Domingo González Alonso polo desenvolvemento de actividade de Hostalaría sen licenza nin comunicación previa. EXPTE 12/03.
- 645/5 do 10 de maio de 2016, Resolución relativa a Incoación de procedemento de reposición da legalidade a Domingo González Alonso pola realización de obras de acondicionamento e rehabilitación dun local sito na rúa Eduardo Iglesias núm. 3 e desenvolvemento de actividade de hostalaría sen licenza nin comunicación previa. EXPTE 22/16.
- 646/5 do 11 de maio de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 001021 03.03.2016.
- 647/5 do 11 de maio de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 001020 03.03.2016.
- 648/5 do 11 de maio de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 000847 03.03.2016.
- 649/5 do 11 de maio de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 000847 23.02.16.
- 650/5 do 11 de maio de 2016, Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello (Daniel Misa Domínguez).
- 651/5 do 11 de maio de 2016, Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello (Armando bouzada Iglesias).
- 652/5 do 11 de maio de 2016, Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello (José R. Estevez Pérez).
- 653/5 do 11 de maio de 2016, Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello (Francisco Javier Novoa Lorenzo).
- 654/5 do 11 de maio de 2016, Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello (Ana Otero Alonso).



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

655/5 do 11 de maio de 2016, *Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello (Cristina Vicente Alonso).*

656/5 do 11 de maio de 2016, *Resolución relativa a Execución da sentenza ditada polo Xulgado do Social Nº4 de Vigo dentro do Procedemento Ordinario 988/2015.*

657/5 do 11 de maio de 2016, *Resolución relativa a Incoación expediente sancionador a Domingo González Alonso polo desenvolvemento de actividade hostaleira sen licenza nin comunicación previa nun local sito na rúa Eduardo Iglesias núm. 3, Gondomar Exp. 22/2016.*

658/5 do 11 de maio de 2016, *Resolución relativa a Decreto de Alcaldía. Visto o Decreto de Alcaldía de data 15 de xullo de 2015, relativo a delegacións xenéricas e especiais de áreas de Goberno Local.*

659/5 do 12 de maio de 2016, *Resolución relativa a Sinalamento dos emprazamentos para colocación de carteis e dos locais e lugares para celebración de actos de campaña electoral.*

660/5 do 12 de maio de 2016, *Resolución relativa a Suspensión cautelar da demolición municipal dunha vivenda sita en Cruceiro - Donas a nome de María Rebeca Fernández Prieto EXPTE. 9425.*

661/5 do 12 de maio de 2016, *Resolución relativa a Toma de razón da comunicación previa de obras de reparación de cuberta de edificio existente (SOLO URBANO CONSOLIDADO) Exp. 11895.*

662/5 do 12 de maio de 2016, *Resolución relativa a Listaxe de admitidos e excluídos, nomeamento do tribunal cualificador e data de celebración das probas físicas e da proba de coñecementos (test) do procedemento selectivo, polo sistema de oposición libre, para a contratación laboral temporal de tres Auxiliares de Policía Local para a tempada de verán.*

663/5 do 12 de maio de 2016, *Resolución relativa a Incoación expediente sancionador a Revecón Revestimentos S.L. por abandono de vehículo na vía pública. 82S/16.*

664/5 do 12 de maio de 2016, *Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de información urbanística. RX 2050/16.*

665/5 do 13 de maio de 2016, *Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal funcionario do Concello.*

666/5 do 13 de maio de 2016, *Resolución relativa a Incoación expediente Sancionador a Juan Jesús Álvarez Oleiro polo desenvolvemento de actividade hostaleira sen licenza nin comunicación previa nun local sito en Cruceiro – Texosa -Mañufe.*

667/5 do 13 de maio de 2016, *Resolución relativa a Incoación expediente sancionador a José Ángel Alonso Costa polo desenvolvemento de actividade hostaleira sen licenza nin comunicación previa nun local sito en as Gaiandas 22-Gondomar. Exp. 116/14.*

668/5 do 13 de maio de 2016, *Resolución relativa a Incoación expediente sancionador a José Antonio Lloira Ubeira polo desenvolvemento de actividade hostaleira sen axustarse a licenza nun local sito en as Gaiandas 22-Gondomar. Exp. 116/14.*



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

669/5 do 13 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de autorización de proxecto de execución. Exp.11706.

670/5 do 13 de maio de 2016, Resolución relativa a Solicitude de autorización xudicial para entrada en domicilio de María Anunciación Valencia Rocha e José Mouriño Pereira por mor de obras ilegais en Rocha 68, Vincios.

671/5 do 16 de maio de 2016, Resolución relativa a Solicitude de D. Josué Villar Ballesteros de remisión de relación semanal de entradas e saídas do Rexistro Xeral deste Concello.

672/5 do 16 de maio de 2016, Resolución relativa a Convocatoria sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 16/2016.

673/5 do 16 de maio de 2016, Resolución relativa a Novo requirimento a Enrique Fernández de Córdoba do seu deber de mantemento e conservación do seu patrimonio en Gondomar EXPTE 230/2008.

674/5 do 16 de maio de 2016, Resolución relativa a Orde de execución a Gonzalo Fernández de Córdoba y Narváz para reposición de muro da finca do conde de Gondomar. Exp. 144/09.

675/5 do 16 de maio de 2016, Resolución relativa a Solicitude de ampliación de prazo. Exp.: 11884.

676/5 do 16 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obra. Exp. 11961.

677/5 do 16 de maio de 2016, Resolución relativa a Reclamación de intereses legais y de demora por devolución de garantía definitiva por la obra "Pavillón polideportivo en Mosteiro - Donas" executada por la empresa Terrauga Proyectos y Obras SL.

678/5 do 16 de maio de 2016, Resolución relativa a Alta no programa SAF-LIBRE concorrencia do Concello de Gondomar.

679/5 do 16 de maio de 2016, Resolución relativa a Alta no programa SAF-LIBRE concorrencia do Concello de Gondomar.

680/5 do 16 de maio de 2016, Resolución relativa a Alta no programa SAF-LIBRE concorrencia do Concello de Gondomar.

681/5 do 16 de maio de 2016, Resolución relativa a Baixas no programa SAF-LIBRE concorrencia e baixa en SAF-DEPENDENCIA do Concello de Gondomar.

682/5 do 16 de maio de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº63.

683/5 do 18 de maio de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº65.

684/5 do 18 de maio de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº64.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

- 685/5 do 18 de maio de 2016, *Resolución relativa a Convocatoria de sesión extraordinaria da comisión primaria mixta de control e seguimento do acordo regulador das condicións de emprego do persoal laboral relativo ao fondo social.*
- 686/5 do 19 de maio de 2016, *Resolución relativa a Convocatoria da sesión extraordinaria do pleno da corporación municipal núm. 06/16.*
- 687/5 do 19 de maio de 2016, *Resolución relativa a Adjudicación do procedemento de contratación do servizo para a protección de datos. C6/16.*
- 688/5 do 19 de maio de 2016, *Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello (Daniel Misa Domínguez).*
- 689/5 do 19 de maio de 2016, *Resolución relativa a Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello (José R. Estevez Pérez).*
- 690/5 do 19 de maio de 2016, *Resolución relativa a Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello (Francisco Javier Novoa Lorenzo).*
- 691/5 do 19 de maio de 2016, *Resolución relativa a Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello (Marcos Arias Fernández).*
- 692/5 do 19 de maio de 2016, *Resolución relativa a Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello (Armando Bouzada Iglesias).*
- 693/5 do 19 de maio de 2016, *Resolución relativa a Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello (Ana Otero Alonso).*
- 694/5 do 19 de maio de 2016, *Resolución relativa a Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello (Cristina Vicente Alonso).*
- 695/5 do 19 de maio de 2016, *Resolución relativa a Solicitud de xubilación de Jaime Fernández Álvarez.*
- 696/5 do 23 de maio de 2016, *Resolución relativa a Concesión ou denegación de permisos, licenzas ou vacacións a persoal laboral do Concello.*
- 697/5 do 23 de maio de 2016, *Resolución relativa a Concesión ou denegación de permisos, licenzas ou vacacións a persoal laboral do Concello.*
- 698/5 do 23 de maio de 2016, *Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 001094 09.03.16.*
- 699/5 do 23 de maio de 2016, *Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 001094 09.03.16.*
- 700/5 do 23 de maio de 2016, *Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 002400 23.05.16.*
- 701/5 do 23 de maio de 2016, *Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 001985 03.05.16.*



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

702/5 do 23 de maio de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº68.

703/5 do 23 de maio de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº66.

704/5 do 23 de maio de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº67.

705/5 do 23 de maio de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº69.

706/5 do 16 de maio de 2016, Resolución relativa a Execución forzosa da Orde de Legalización da obra realizada en Borreiros por Concepción Estévez Baspino, consistente en Rehabilitación de Vivenda Unifamiliar, Construción de peche e Instalación de hórreo.

707/5 do 16 de maio de 2016, Resolución relativa as Bases reguladoras das axudas municipais para comedor escolar, dos usuarios dos centros de ensino público non universitario do Concello de Gondomar que contan con servizo de comedor e que serán xestionados polo concello, en virtude do Convenio de Colaboración asinado en data 23 de xullo de 2015 coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

708/5 do 16 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza. Exp. 11928.

709/5 do 18 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento a José Mariano García Misa para suspensión inmediata de actividade de hostalaría en Cristillón 13 (Pub Desvío) e incoación expediente de Reposición da Legalidade por ditos actos sen licenza nin comunicación previa.

710/5 do 18 de maio de 2016, Resolución relativa a Incoación expediente sancionador a José Mariano García Misa por non axustarse á licenza de actividade de cafetería – restaurante no uso e no horario de peche dun local sito en Cristillón – Mañufe (Pub o Desvío).

711/5 do 19 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de actividade. Exp. 12087.

712/5 do 19 de maio de 2016, Resolución relativa a Solicitude prórroga da Autorización xudicial de entrada para execución de actos administrativos 95/2016.

713/5 do 19 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de actividade. Exp. 11927.

714/5 do 19 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de actividade. Exp. 11922.

715/5 do 23 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de reconstrución de muro tradicional. Exp. 12086.

716/5 do 23 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de reconstrución dun tramo da muralla do Pazo do Conde. Exp. 12088.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

717/5 do 23 de maio de 2016, *Resolución relativa a Solicitud para a Tirada de fogos artificiais nas festas que se celebrarán os días 28 e 29 de maio de 2016, na honra de María Auxiliadora, no barrio de Vilas da parroquia de Morgadáns do Concello de Gondomar.*

718/5 do 24 de maio de 2016, *Resolución relativa a Remisión expediente administrativo de Adecuación da rede de saneamento no Concello de Gondomar.*

719/5 do 24 de maio de 2016, *Resolución relativa a Incoación expediente sancionador a Miguel Ángel Mera Caride polo desenvolvemento de actividade hostaleira sen axustarse á licenza nun local sito en Hervillas 66 – Gondomar (Bar Novo Conxuro).*

720/5 do 24 de maio de 2016, *Resolución relativa a Convocatoria da Comisión Informativa Especial de Asesoramento e Seguimento do PXOM Nº5-16.*

721/5 do 24 de maio de 2016, *Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. ANCERT 09.03.16.*

722/5 do 24 de maio de 2016, *Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 001126 10.03.16.*

723/5 do 24 de maio de 2016, *Resolución relativa a Concesión ou denegación de permisos, licenzas ou vacacións a persoal laboral do Concello.*

724/5 do 24 de maio de 2016, *Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº70.*

725/5 do 25 de maio de 2016, *Resolución relativa a Aprobación do gasto para a cobertura de necesidades básicas: axuda económica para pago de gastos de factura de dentista – emerxencia social por importe de 1.046 euros, sendo o beneficiario Carlos Alonso Otero e o seu fillo.*

726/5 do 25 de maio de 2016, *Resolución relativa a Aprobación do gasto para a cobertura de necesidades básicas: axuda económica para pago da factura da luz – emerxencia social por importe de 132,23 euros, sendo o beneficiario M^a Luisa Puime Lorenzo.*

727/5 do 25 de maio de 2016, *Resolución relativa a Liquidación de Taxas e Impostos relativos á solicitud de Licenza para Obra, consistente en Vivenda Unifamiliar Illada e Peche de parcela, en Nogueira – Donas.*

728/5 do 25 de maio de 2016, *Resolución relativa a Declaración de Ineficacia da Comunicación previa de Cambio de Titularidade de Actividade do Café – Bar “Rañolas”.*

729/5 do 25 de maio de 2016, *Resolución relativa a Requirimento de documentación en Expediente de Solicitud de licenza. Exp. 11988.*

730/5 do 25 de maio de 2016, *Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº71.*

731/5 do 26 de maio de 2016, *Resolución relativa a Convocatoria da Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal Núm. 07/16.*



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

732/5 do 26 de maio de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto para a cobertura de necesidades básicas: axuda económica para pago de gastos de factura de gafas – emerxencia social por importe de 120 euros, sendo a beneficiaria Alicia Benítez Casas.

733/5 do 26 de maio de 2016, Resolución relativa a Recoñecemento de Trienios ao persoal funcionario do concello. José Rodríguez Domínguez.

734/5 do 26 de maio de 2016, Resolución relativa a Toma de razón da comunicación previa de obras para conservación e mantemento de cuberta e fachada (Solo Rústico).
Exp. 12074.

735/5 do 26 de maio de 2016, Resolución relativa a Toma de razón da comunicación previa de obras para revestimento de fachadas (Solo Núcleo Rural).Exp. 12081.

736/5 do 26 de maio de 2016, Resolución relativa a Toma de razón da comunicación previa de obras para peche de finca (Solo Núcleo Rural).Exp. 12065.

737/5 do 26 de maio de 2016, Resolución relativa a Solicitud para a tirada de fogos artificiais nas festas que se celebrarán os días 3, 4, e 5 de Xuño de 2016, na honra de Corpus Christi, no barrio de Moreira da parroquia de Mañufe do Concello de Gondomar.

738/5 do 27 de maio de 2016, Resolución relativa a Convocatoria da Comisión Informativa Permanente de Asuntos do Pleno e Seguimento Órganos de Goberno do Concello Nº 06 – 16.

739/5 do 27 de maio de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 001191 15.03.16.

740/5 do 27 de maio de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 001190 15.03.16. Tipo de transmisión: Compravenda.

741/5 do 27 de maio de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 001190 15.03.16. Tipo de transmisión: Herdanza.

742/5 do 27 de maio de 2016, Resolución relativa a Solicitud de fraccionamento de débeda. Peticionario: Basilio Pazos da Silva. Concepto: Imposto incremento valor dos terreos.

743/5 do 27 de maio de 2016, Resolución relativa a Convocatoria Sesión Ordinaria Pleno da Corporación Municipal do Concello de Gondomar nº 08/2016.

744/5 do 27 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de emenda da documentación a presentar para solicitud de cédula urbanística.

745/5 do 27 de maio de 2016, Resolución relativa a Toma de razón da comunicación previa de obras para cambio de tella (Solo Núcleo Rural).

746/5 do 27 de maio de 2016, Resolución relativa a Nomeamento de tesoureira accidental – a María José Bastos Alonso.

747/5 do 30 de maio de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº72.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

748/5 do 30 de maio de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº73.

749/5 do 30 de maio de 2016, Resolución relativa a Autorización de ocupación de dominio público e toma de razón da comunicación previa de obras para execución de acometida de gas sobre vía pública (Solo Urbano Consolidado).

750/5 do 30 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de obra. Exp. 12069.

751/5 do 30 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de obra. Exp. 12070.

752/5 do 30 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de obra. Exp. 12075.

753/5 do 30 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de obra. Exp. 12078.

754/5 do 30 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de autorización para a celebración de motocross en Morgadáns, Gondomar. Exp. 12094.

755/5 do 30 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza para construción de vivenda unifamiliar. Exp. 12095.

756/5 do 30 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de emenda da documentación a presentar para solicitude de licenza urbanística. Exp. Lat O Rosal - Gondomar.

757/5 do 30 de maio de 2016, Resolución relativa a Relación de nóminas do mes de maio dos empregados públicos.

758/5 do 30 de maio de 2016, Resolución relativa a Contratación laboral temporal polo sistema de oposición de 3 Auxiliares de Policía Local para a tempada de verán 2016.

759/5 do 30 de maio de 2016, Resolución relativa a Solicitude de Sergio P. Filgueira Pereira, de acceso e copia da proba de coñecemento e da proba específica de coñecemento do termo municipal e toponimia, do procedemento selectivo para a contratación de 3 Auxiliares de Policía Local para a tempada de verán.

760/5 do 30 de maio de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 001292 21.03.16. Suxeito pasivo: Ana Mª Rodríguez Díaz.

761/5 do 30 de maio de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. EXP. 001292 21.03.16. Suxeito pasivo: Miguel Rodríguez Díaz.

762/5 do 30 de maio de 2016, Resolución relativa a Modificación de créditos nº 6/2016 na modalidade de Transferencia de Créditos.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

763/5 do 31 de maio de 2016, Resolución relativa a Solicitud de mantemento de Taxa e Icio para a tramitación de nova licenza de José Antonio Pérez Sánchez.
Exp. 8635.

764/5 do 31 de maio de 2016, Resolución relativa a Solicitud de ampliación de prazo para presentar alegacións de Antón Fernández Barcia. Exp. 23/14.

765/5 do 31 de maio de 2016, Resolución relativa a Novo requirimento a Hormigones Gonsomar S.L. para que de cumprimento á obriga de seguridade dun noiro sito en O Couto – Chaín. Exp. 35/15.

766/5 do 31 de maio de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 74.

767/5 do 31 de maio de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 75.

768/5 do 31 de maio de 2016, Resolución relativa a Concesión de documentación a Sofía González Lorenzo.

769/5 do 31 de maio de 2016, Resolución relativa a Requirimento de emenda a Manuel González Alonso, en representación de Combustibles del Noroeste.

770/5 do 31 de maio de 2016, Resolución relativa a Aprobación e Orde de pago do documento xustificativo de gasto establecido na relación nº 77.

771/5 do 31 de maio de 2016, Resolución relativa a Aprobación e Orde de pago do documento xustificativo de gasto establecido na relación nº 78.

772/5 do 31 de maio de 2016, Resolución relativa a Aprobación e Orde de pago do documento xustificativo de gasto establecido na relación nº 79.

O Pleno da Corporación Municipal queda informado.

c. Dar conta da Información periódica a remitir ao Pleno da Corporación por parte do Departamento de Intervención. (Resolucións Tomo V).

Pola Presidencia dáse conta da informe periódico de data 29.06.2016 do Departamento de Intervención ao Pleno da Corporación que consta de:

1. Oficio de remisión da Intervención Xeral á Alcaldía-Presidencia.

2. Contido:

A. Informe-Resumo das Resolucións de Alcaldía adoptadas contrarias aos reparos efectuados.

B. Execución do orzamento de gastos correntes.

C. Execución do orzamento de ingresos.

D. Movementos e situación da Tesourería.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

O Pleno da Corporación Municipal queda informado.

d. Comparecencia do Concelleiro de Educación, D. Juan Antonio González Rodríguez.

Sr. Juan González: Grazas Sr. Alcalde, Boas tardes. Na data 02/06/2016 como vostedes recordarán mediante moción presentada neste Pleno por D. Josué Villar Ballesteros, Concelleiro do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, solicítase a miña comparecencia como Concelleiro de Educación en relación ao Colexio de Moreira – Mañufe. En dito Pleno xa comparecín e expliqueille o que ata aquel momento se sabía e quedei en volver a comparecer, no Pleno que estamos, para explicarlle as datas dos escritos. Pois ben fagamos un pouquiño de memoria e no Pleno de data 07/04/2016 presentou unha moción que foi aprobada por unanimidade neste Pleno o Concelleiro D. Antonio Araújo Quintas, Concelleiro do Grupo Manifesto Miñor, no que entre outras cousas, cita a moción, viña a dicir o seguinte: O Pleno da Corporación Municipal de Gondomar acorda dirixirse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para lle instar a que renuncie ao peche anunciado e manteña aberta a escola infantil de Moreira – Mañufe. Unha vez aprobada por unanimidade esta moción, cos trámites a seguir como vostedes saben, son administrativamente, pois enviar dito Acordo Plenario a quen corresponda. Pásolle agora a relación de datas que me pedfan en dita moción.

- Na data 11/05/2016 o Sr. Alcalde firmou este escrito que ten data de saída de 23/05/2016.
- O 26/05/2016 o Sr. Alcalde tamén firma outra certificación de dito Acordo Plenario, e a mesma ten un rexistro de saída desa mesma data ou sexa 26/05/2016.
- Con data 02/06/2016 este Concelleiro que lles fala ten unha conversa co Xefe Territorial da Consellería D. César Pérez Ares, que como xa comentei no Pleno anterior, entre outras cousas viña a dicir que so había tres alumnos nese colexio no curso 2016-2017, que oficialmente ata finais de mes non se sabería do peche do mesmo, que viablemente non era rendible economicamente dicía, nin pedagoxicamente tampouco. Eu xa dixen, por activa e por pasiva, porque nunca escondín nada, cando falei neste Pleno, cando falei en privado ou cando falei en público que o tema pintaba mal.
- O día 06/06/2016 cito no meu despacho aos pais de dito colexio de Moreira – Mañufe para abordar o tema e dicirlle como está. Asisten tres pais, que neste caso eran tres nais, dúas nais non podían asistir por problemas laborais. En dita reunión, a miña proposta que acordamos entre todos alí, era remitirlle un escrito ao Xefe Territorial da Consellería indicando os nomes dos alumnos que querían cursar en este curso 2016-2017 que pronto vai a iniciar. En total na relación vai o nome de cinco alumnos, tres dos que estaban alí mais dous mais que non estaban e chamaron persoalmente ás nais que estaban alí, as outras nais. Mandámoslles a relación e tamén no mesmo escrito dicímoslle que as previsións son de aumento de alumnado no seguinte curso para o 2017-2018. Dito escrito redacteino eu persoalmente ese mesmo día que tiveron a reunión coas nais e ten rexistro de saída de data 07/06/2016, ou sexa ao día seguinte.
- Nas datas 12, 13, 14 e 15 de xuño falo en varias ocasións coa secretaria do Xefe Territorial xa que el por distintas ocupacións non nos pode atender ou igual nos da largas.
- O 16/06/2016 envíolle un correo electrónico ao citado D. César Pérez Ares solicitando unha reunión urxente para clarificar o tema do colexio Moreira - Mañufe e outros temas mais de Educación. Seguimos sen contestación.
- O 21/06/2016 volvo a falar coa secretaria de D. César Pérez Ares, Marga, xa case son amigo dela, e me di que nesa semana que está con actos de fin de curso... que non nos pode recibir, que posiblemente o luns día 27 me dirá algo.
- O 22/06/2016 recibo un correo electrónico comunicando oficialmente o peche do colexio Moreira – Mañufe o 26 de xuño. Tan pronto está no meu poder dito comunicado, e nese



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontavedra)

mesmo momento, persoalmente pñome en contacto coa AMPA do colexio para comunicarlle dito peche, que ata aí sospeitábamos pero non era oficial.

- O 23/06/2016 envíaselle con rexistro de saída desa data, outra solicitude firmada polo Alcalde obviamente, solicitando outra vez reunión urxente co Xefe Territorial, co mencionado D. César Pérez Ares.

- O 29/06/2016 convócanme ao Consello Escolar do colexio Moreira – Mañufe. Asisto eu, a profesora e unha soa nai, tres persoas, non había mais. Este é o resumo de datas.

Como todos vostedes saben perfectamente e dende aquí quérollo lembrar, a competencia dun peche dun colexio é única e exclusivamente, única e exclusivamente subliño, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, por desgraza non é decisión deste Goberno, non é decisión deste Alcalde, nin é decisión tampouco deste concelleiro que lles está falando.

Tamén quero resaltar, como quedou claro nesta relación de datas que lle din, que o Xefe Territorial, non só non atendeu a este Goberno senón que deu moitas largas, como podemos ver nesas datas que lle acabo de pasar, a pesar de todos os requirimentos que lle acabamos, que lle acababan de chegar, mais ben dou a calada por resposta.

Este é o resumo do que me piden, que lle dea a relación de datas na súa moción que me piden. Moitas Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Concelleiro Juan González, ¿algunha pregunta que queiran facerlle ao concelleiro? Sr. Villar, ten vostede a palabra.

Sr. Villar: Nos mantemos a argumentación dos dous últimos Plenos, que isto non nos gusta, pero para dicir algo mais concreto xa que agora coñecemos brevemente esta relación en diferido non soluciona moito porque realmente tiña sentido, incluso cando poñía aquí a situación da escola, para ver como estaban nese momento porque tiñamos algo de prazo e para isto (...) Neste momento xa non, a escola está pechada, polo tanto esta relación agora non serve para nada. Pero despois, en canto á propia comparecencia, no punto 3 á resulta das conversas creo que non está respondida, non está aclarado ese punto, o que se falou nesas conversas e cal foi o resultado desas conversas, e supoño que neste mes pois prepararía o concelleiro a declaración e mais que nada o punto 3. Bueno de primeiras nada mais.

Sr. Alcalde: Sr. Concelleiro, si quere contestarlle vostede. Grazas

Sr. Juan González: Imos ver, as conversas (...) volver outra vez ao que se falou (...) non hai mais conversas que as que lle acabo de mencionar. Dime vostede tamén, no tema da moción – xestións realizadas polo Concello, será polo Goberno, polo Concelleiro ou polo Alcalde. O Concello non sei que pode facer aí, pero eu dígolle Sr. Villar Ballesteros, D. Josué, que non se erre, mire, mire, os inimigos non somos nos neste caso. ¿Presentaron vostedes algún escrito na Xunta de Galicia que é a responsable do peche do colexio? Vostedes veñen aquí, que teñen (..) o terreo de xogo e xa está. Nunca en tan pouco tempo se fixo tanto polos colexios en Gondomar. Esta resolución que tomou a Xunta de Galicia, estou vendo moi atrás, xa dende que antes eu fose nomeado concelleiro de Educación e xa incluso cando vostede estaba no Goberno antes de que lle mandaran marchar del, xa a Xunta tiña practicamente tomada e decidido o peche, por desgraza, do colexio Moreira – Mañufe. Teño unha enorme pena Sr. Villar que nos avise (.....) e unha pena, unha mágoa porque ao mellor podíanos axudar a resolver algo, gustaríame miralo por alá, pola Carreira de San Jerónimo, ás once da mañá despeiteado porque igual non lle daría tempo a peitearse naquelas horas e igual nos axudaba en algo no tema, porque o traballo que fixo vostede cando estivo no Goberno...(..) polo momento non lle digo nada mais. Moitas grazas.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Grazas. Sr. Josué Villar.

Sr. Josué Villar: Pregunta que fixemos nos, como fixemos para non saber actuar. Vou a aclararlle a historia dende o principio pese aínda que sexa unha conversa con poucas palabras pero (...) repito resultado das conversas, resultado das conversas mantidas, iso é a declaración que pedimos, a comparecencia, sexa como sexa, (...) a data é un elemento importante, pero saber o resultado das conversas do concelleiro neste caso. Por outra banda, claro que fixemos algo, evidentemente todos aquí fixemos algo, aquí na moción neste concello para enviar un escrito á Consellería co apoio de todos nos nese escrito polo que din as súas datas, enviouno mes e medio mais tarde. Cita, que intúo que vai por aí, que estaban un pouco á espera do procedemento de haber si se aprobaba xa a acta, pero, o propio escrito que enviades un mes e medio mais tarde e coa aclaración do secretario municipal, a posibilidade de que esa acta ten que ser totalmente aprobada, é así o procedemento, polo tanto a miña pregunta que xa a fixen en tres plenos seguidos foi ¿ por qué se tardou este Goberno, cando todos fixemos o que tiñamos que facer aquí, que era dicirle á Consellería que non pechara este colexio, e tardaron un mes e medio en mandar ese escrito? eu sigo sen ter claro porqué non se enviou antes, ese é a (...) e logo volvo a insistir, o punto 3 versaba en canto ao resultado, eu o que vostede poda falar co conselleiro é cousa súa pero eu quero saber cales foron os resultados de cada unha de esas conversas, era tal cal o que viña na comparecencia. Está claro que (...) outro mais en realidade este tema xa está finiquitado, o Concello de Gondomar entendo que o que fixo como labor foi xuntarse co Concelleiro, co Conselleiro perdón, pero nun mes e medio na formación, e nos claro que fixemos, di vostede que (...) iso non me afecta neste caso porque o importante aquí non era si eu son deputado ou non, o importante aquí era que non pecharan unha escola que está nunha das nosas parroquias, que vostedes podían facer unha política importante para evitar que a pecharan, e non fixeron, pola documentación que eu teño, nada nese medio. Gustaríame que se aclarara porque este Goberno tarda un mes e medio en enviar á Consellería ese escrito. Por outro lado me gustaría que se aclarara o punto 3 que é o resultado das conversas mantidas coa Consellería.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Concelleiro, vostede ten toda a liberdade do mundo para contestar o que queira, pero os resultados desas conversas literalmente, se quere sen avogado non declare ¿eh? Vale, grazas.

Sr. Juan González: Eu volvo a insistir no mesmo, eu dixen o que dixen, con datas e datos se queren entender enténdeo e senón non. Dime agora, dime ¿por qué se tardou tanto? Iso non mo pregunta na moción. Si quere presento outra moción de por qué se tardou tanto, entón explicareille ou explicarlle o próximo conselleiro de Educación de por qué se tardou tanto. Aquí pódense presentar mocións por todo. Algún día igual se presenta unha moción tamén, a ver por qué unha fotocopiadora industrial, que pesa mais que un coche deses sen carné, pois apareceu no local do Grupo CABE. Igual temos que presentar tamén algunha moción por iso. As mocións podemos preguntar por todas ¿vale? nada mais Sr. Alcalde, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Bueno, pide...última intervención si vos parece, porque ademais eu pediría que se cinguiran ao que é a comparecencia sobre o tema do colexio ou da Educación en xeral. Sr. Josué ten a palabra.

Sr. Josué: Entendo entón que o Concello non ten ningunha explicación para dicir porque se demorou un mes e medio en mandar un escrito, que mandalo era algo moi sinxelo e que demostraba o interese deste Concello para que non se pechara unha escola. E repito, pero durante un mes e medio este Concello non fixo absolutamente nada para o peche da escola de



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Moreira. O resto das cousas (...) a Unión Europea, podemos falar diso noutro espazo que considero que non é este. As acusacións se fan onde hai que facelas

Sr. Alcalde: Moitas grazas, para rematar, ten a palabra o Concelleiro.

Sr. Juan González: Parece un diálogo de xordos, nada mais, eu creo que queda todo perfectamente explicado e se non o entendeu pois, que mais quere que lle diga, tente entendelas cousas tamén. Grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben, queda finalizada a comparecencia do Concelleiro de Educación sobre a moción presentada polo Grupo Municipal CABE.

5. Mocións.

5.a. Mocións presentadas en data 04.07.2016 por Don Josué Villar Ballesteros relativa a ACONDICIONAMENTO OU CONSTRUCCIÓN DUN LOCAL DE ENSAIO PARA GRUPOS E ARTISTAS EMERXENTES.

Sr. Josué Villar: Grazas, a moción versa un pouco sobre unha demanda que xa temos (..) en Gondomar, que foi denunciada fai moito tempo, e é que precisábamos algún local de ensaio para...sobre todo para a xente que non ten moito diñeiro cando comeza unha carreira como artista ou comeza na música.

*Don Josué Villar Ballesteros, concelleiro do Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto, presenta para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN PARA O ACONDICIONAMENTO OU CONSTRUCCIÓN DUN LOCAL DE ENSAIO PARA GRUPOS E ARTISTAS EMERXENTES.***

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Gondomar é un concello rico en cultura , e unha boa mostra disto son os numerosos grupos musicais e artistas independentes que proliferan na nosa contorna. Esta riqueza cultural ten que ir necesariamente acompañada dunha dotación de espazos, materiais e medios técnicos por parte da administración, que permita potenciar e promocionar o traballo dos/as nosos/as artistas.

Moitos grupos e artistas comezan a súa carreira musical sen recursos económicos, o que limita as súas capacidades para mellorar, especialmente cando non poden acceder con facilidade a un instrumento que lles permita ensaiar e desenvolver todas as súas aptitudes musicais con regularidade.

*Polo exposto, o Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto propón ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*

1. *Que o Concello de Gondomar traballe da man doutras administracións para o acondicionamento ou construción dun local de ensaio no 2017, dotado dos medios necesarios para a produción musical nun espazo especialmente habilitado para ese fin.*
2. *Que este local de ensaio inclúa como mínimo os seguintes instrumentos: Unha gaita,*



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontavedra)

unha batería, dúas guitarras, un baixo, e un micrófono.

3. *O uso do local de ensaio e instrumentos será gratuito, e os dereitos e obrigas dos/das usuarios/as estará regulado polo Concello de Gondomar.*

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Villar ¿algunha intervención? Sra. Salgueiro.

Sra. Salgueiro: O noso apoio a esta moción é claro. Xa de feito o anterior Concelleiro de Cultura (...) xa traballara un pouquiño neste sentido, había incluso pedido algún orzamento para o acondicionamento do espazo, ou sexa que por suposto que imos apoiala. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Salgueiro. Sr. Gómez.

Sr. Gómez: Nada simplemente manifestar a nosa intención de voto que por suposto que vai ser a prol.

Sr. Alcalde: Moitas grazas.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.

6. Rogos e preguntas

Sr. Alcalde: Si lle foron entregadas as preguntas do pleno pasado, si hai algunha pregunta que creen que non queda contestada, nolo fan chegar, hai algunha que moitas veces temos algún inconveniente para saber exactamente o que se pregunta..entón...vale.
Pídeme a palabra o tenente alcalde Antonio Araúxo. Ten vostede a palabra Sr. Araúxo.

Sr. Araúxo: Nada, é simplemente unha corrección á unha das preguntas que lles enviei, que me fixeron a min no anterior Pleno, que enviei por correo electrónico e están aí. Claro cando as contestei non tiña ese dato, e chegou antonte, referido o Tanque das Tormentas. É unha contestación, dicirlle que estaba enviado ao xulgado o expediente e que estabamos pendentes de que chegara a demanda, a demanda chegou onte. Entón agora temos creo que dous meses me parece para contestala, senón que me corrixa o secretario (O secretario di 20 días), vinte días. Aquí eu puxen que non chegara pero como chegou onte, eu xa mandara o expediente, polo demais para que así teñan completa a resposta.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Araúxo ¿rogos e preguntas? Entón.. ¿quén.....? Empezamos pola Sra. Durán. Ten vostede a palabra, Sra. Durán.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sra. Durán: Moitas grazas Sr. Alcalde. Moi boas noites a todas e a todos. Simplemente con respecto ás respostas que nos deron das preguntas do último Pleno hai algunha que se me adxudica a min, e son preguntas que eu non fixen, eu creo que tamén hai algunha que emprega (...) a adxudicación ao compañeiro Sr. Salgueiro e eu non son o digo porque seguramente hai concelleiras e concelleiros que votan en falta as respostas porque ás súas preguntas están adxudicadas á esta concelleira que lles fala ou incluso bueno.. ao resto. Eu dou conta das miñas e das de aquí do compañeiro Salgueiro. O digo por isto. E quería preguntarlles..., nos deron traslado das actas da Xunta de Goberno e hai unha comunicación que chegou da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente con data de rexistro de entrada do 16/04/2016 pois di que o feito de que entrase en vigor a nova Lei do Solo en Galicia, pois supoñía que para todos aqueles instrumentos de planeamento que non estean aínda aprobados, pois que teñen que estar sometidos a avaliación. aquí eles din que cos datos que constan na Subdirección o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Gondomar, estaría nesa situación de que non ten aínda a aprobación inicial, de non ser así, nos darían un prazo de quince días, contados a partir do día seguinte da recepción desa comunicación para informar sobre o estado da tramitación. Din que si non se refire resposta nese prazo de quince días entenderase que precisa adaptalo á nova lei e procederase ao arquivo do expediente. Non sei si dende o Goberno me podían explicar ese artigo de que expediente si é que o expediente do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Gondomar está totalmente activado por tanto está desaparecido na Xunta, simplemente para que me aclarase ese punto.

Quería preguntar tamén, pois hoxe ou onte, xa non recordo, creo que foi hoxe cando sae nos medios de comunicación pois diversas fotografías sobre o transporte do (...) esa foto marabillosa onde... pois a última incorporación do Concello de Vigo, quería preguntarlle si no Goberno con capacidade para algunha declaración por aí, a ver que nos din do medio ou si alguén deste Goberno fixo unha declaración nese sentido, onde se di que Gondomar queda que autoriza a incorporación, a inclusión deste Concello neste Plan. Quería preguntarlles para cando este Goberno vai a traer, vai a someter a debate e a votación polo Plenario a inclusión do Concello de Gondomar no Plan de Transporte Metropolitano porque é unha mágoa ver esta fotografía en onde os Concellos din (...) Vigo (...) soamente falta Gondomar nesta foto. En todos os medios sae o que suporía para Gondomar. Os beneficios para a veciñanza serían moi considerables. De estar pagando un euro e medio por billete, pasarían a pagar 0'85, e aquelas persoas que tivesen un bono de mais de 40 billetes mensuais pagarían 0'72, e as familias numerosas pagarían 0'36 céntimos o billete. Creemos dende o Grupo Popular que é un tema moi importante e rógolle a este Goberno que traia canto antes o tema da incorporación do Concello de Gondomar no Plan de Transporte Metropolitano. É unha pregunta e ao mesmo tempo xa remateina con un rogo. Quería volver a preguntarlle, fágome pesada pero ¿qué pasa coa limpeza das cunetas? Eu vivo en Chaín, e polo tanto todos os días subo e baixo varias veces, e dende o Concello o que se fixo foi mandar operarios do Concello, non da Deputación, que fixeron un varrido, unha limpeza entre comiñas do que son as beirarrúas, todo o tramo que hai cuneta en terra está cunha maleza tremenda e me gustaría saber si de verdade se sabe cando dende a Deputación, que é a titular de esa vía, se vai a proceder á limpeza desa estrada, a que estou preguntando e de todas as outras de titularidade da Deputación.

Quería preguntar, porque non formei parte da Comisión de seguimento do Plan Xeral, pero aí se falaba que se ía a contratar a unha persoa, a un arquitecto ou arquitecta técnica para levar todo o tema do traballo da delimitación de núcleos, que había moito mais que isto, non sei si isto está...operativa esa persoa, porque nos consta pola información das Xuntas de Goberno que o levaron xa dúas veces ás Xuntas de Goberno pero as dúas quedou este asunto sobre a mesa. Quería saber si ao final existe esta contratación ou que é o que sucede. Tamén quería saber cómo quedou polo que pouco vin que hai publicados no Taboleiro do Concello, o tema do proceso selectivo, no que pedían un técnico ou unha técnica de Administración Xeral.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Outra pregunta, e volvo a insistir relacionada xa coa obra das beirarrúas de Gondomar a Morgadáns porque non temos constancia de que as persoas, os distintos propietarios destes terreos, no tramo en que aínda está sen finalizar a obra, recibisen ningún tipo de notificación da (...), vostede nolo dixo aquí que a Deputación que realmente lle dixeron que si xa estaba en marcha isto, o descoñecemos. E creemos que (...) xa o dixen en varias ocasións que as beirarrúas non se rematen, que quede ese espazo sen rematar, francamente fai que a obra perda gran parte do seu sentido e demais dígollo, o están comprobando como nas últimas semanas, nos últimos días o propio asfaltado a propia estrada está cedendo, necesita unha gran reparación. O asfalto eu creo que é o momento xa de que o Goberno se poña as pilas, permitame a expresión, se poñan as pilas e que lle esixan á Deputación si ou si que as rematen (...)

Quería tamén saber porque no último Pleno, o digo porque (...) vostede se comprometeu a facer unhas obras na Escola Unitaria de Chaín nunha moción que aquí se presentou por outro grupo, creo recordar que (...) foi IXG e o grupo municipal de CABE e se xa teñen planificado cándo van facer esas obras.

(...) da policía, que vostede aquí se falou polo tema relacionado co Plan Económico, e falaba vostede dos vacantes, pero vostede chegou a saír prensa anunciando non sei cantos efectivos da Policía Local, aquí xa se falou do Plan e das medidas efectivas que iso ía supor pero efectivamente queríamos saber si o Goberno mantén esa mesma idea de manter ou de ampliar eses efectivos da Policía ou si simplemente van a quedar con esas vacantes, creo que son dúas en este momento. Nada mais.

Sr. Alcalde: Grazas. Eu non sei, si quere contéstolle algunha, eu quero contestarlle algunha, eu quero contestar, espero si quere ao final porque ademais son moi breves. Sobre o proceso selectivo da Técnica de Administración Xeral, dicirle que se convocou o proceso, e se presentaron cinco persoas, ao exame apareceron dúas, fixeron o exame e non aprobou ningunha nin a primeira fase, quedou deserto o proceso. Está outra vez en trámite para a presentación de solicitudes. Iso foi o que pasou.

A escola de Chaín empezan o luns, xa están as obras en marcha e ao mellor incluso mañá co andamiaxe pero senón luns, luns é festivo, pois martes, esta semana que entra e está.

O de ampliar as prazas da Policía, non é que vaiamos a ampliar. Como saben vostedes na Policía hai dúas vacantes de Axente de Policía Local, están dúas vacantes e hai dúas vacantes de Inspector de Policía. Polo tanto hai catro vacantes. Entón cando eu falaba de que incrementaremos o persoal en un 50% me refería a que había un policía que non estaba facendo funcións de policía pero sen embargo tampouco..., había unha resolución expresa de un pase a segunda actividade, simplemente estaba liberado de servizo e demais. Unha de dúas, había que regularizar esa situación ou facer o pase a segunda actividade ou que fixera o servizo de policía como lle correspondía. Se optou para que se incorporase a facer o servizo de policía como un mais e está traballando uniformado nas dependencias municipais en horario de mañá de luns a venres na atención ao público en oficina. Non patrulla nin fai noites nin nada. Con iso gañamos un policía. Con dous policías mais que había vacantes, dúas prazas, se van a cubrir con dous policías en comisión de servizos de outros concellos. Xa son desta maneira tres. Con tres auxiliares que entraron por un contrato de seis meses, xa son seis, e con un inspector que podería cubrir ao menos unha das prazas que hai vacantes das dúas prazas que hai, serían sete. Había sete policías traballando, hai posibilidade de incorporar sete, iso implica un incremento do persoal en un 50%, eses son os cálculos que eu fixen, e que eu dixen e que están aí que son obxectivos.

Dicíame vostede a limpeza das cunetas da Deputación e da Xunta e tal. Nos o que estamos facendo é constantemente mandándolle escritos ás administracións superiores para que leven a cabo o seu traballo, que limpen as beirarrúas, as malezas, que pavimenten tanto as estradas da Deputación como as da Xunta indistintamente da cor político, que eu por aí non vou. Pero teña por seguro que eu á Deputación estamos todos os días dicíndolle o mesmo e ata me



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

permito ao mellor dicirle que estamos descontentos de como funciona a Deputación, porque non é verdade, moi descontentos e facémollos saber coas beirarrúas. Si dende logo Gondomar tivera as estradas da Deputación e da Xunta impecables na metade de Gondomar estaba resolto o problema das malezas e cunetas porque o demais son camiños veciñais. Ata tal punto que nos moitas veces a xente non o entende de como están esas beirarrúas e que hai un problema aí, e que temos que mandar a operarios municipais pois a arranxar o problema, indistintamente de que sexa titularidade da Xunta ou da Deputación porque non lle podes dicir ao veciño, isto non é noso, isto non é noso e que ao final a auga lle entra para a súa casa. Non nos queda outra que facer o sacrificio de arranxar o problema con recursos propios, pero teña por seguro, e llo digo ademais que coa Deputación e coa Xunta temos un constante diálogo. A Deputación, se fala con ela constantemente, se lle mandan escritos. Coa Xunta tamén. A Xunta está facendo os seus traballos, pintado de estradas, vai a levar a cabo o carril bici e senda peonil pola estrada PO340, vai a empezar co asfaltado e acondicionamento da estrada de Couso, e a Deputación eu sei que estes días empezou a limpar. Tiña un problema co persoal de Vías e Obras, tiñao en folga, estaban todos aí no Pleno, era un problema interno no que nos non imos a entrar, era un problema de funcionamento interno deles, iso é o que nos dicían. Por suposto que si. Nada mais. Despois as outras preguntas como a redacción dos núcleos e tal que cada concelleiro contestaralle porque eu agora non teño datos. Iso contestaralle por escrito, prefiro dicirle porque moitas veces son datos que aquí temos....

Sr. Araújo: Non hai ningún problema, podo contestarlle agora. Efectivamente intentouse a contratación dunha persoa para a delimitación dos núcleos a través dun contrato de servizos, pero iso non foi posible, e polo que se optou foi por encargar o proxecto (....) iso por un lado. E despois me preguntaba vostede sobre o asunto da entrada (...) pois dicirle que efectivamente Gondomar non tiña nin ten ningún Plan Xeral aprobado inicialmente, polo tanto non nos queda outra que si ou si que entrar, o que se faga terá que entrar pola vía (...) incluso isto tamén nos afectou á delimitación de núcleos que si que estaban feitos e estaban xa co período, case co período de exposición pública rematado, pero lle faltaban os informes sectoriais e polo tanto non podían ir a Pleno para poder ser aprobados inicialmente, tamén tivemos que incorporarlle os documentos que a LOUGA obriga a incorporar. Entón ao final pois visto o visto case é mais complexo delimitar un núcleo coa LOUGA que nun Plan Xeral no que a tramitación, é practicamente por non dicir é exactamente igual. Entón ao non haber aprobación inicial dado que.. non é inicialo de cero porque o que estaba delimitado valía perfectamente, pero si cumprimentar a documentación que había con eses documentos de avaliación ambiental e agora claro iso implica unha nova exposición, ese é o asunto.

Sra. Durán: O que eu preguntaba era que como se refiren a que se procedería ao arquivo do expediente non sei si lle comentaron que é o expediente do plan (...)

Sr. Araújo: Claro porque nos non tiñamos nada en trámite.

Sra. Durán: Vale, vale

Sr. Araújo: Entón quero dicir perdón, non había nada aprobado inicialmente polo cal non hai nada que arquivar. O que falamos, teremos que facer como está pensado, ¿non?, aproveitar o que hai e incorporar todas esas modificacións (.....)

Sra. Durán: O arquivo deste expediente vai ter algunha consecuencia no tema da subvención (...)

Sr. Araújo: Eu entendo que non, de feito chegou recentemente, a semana pasada, hai dez días o novo programa da Xunta que mandan no mes de xuño, a finais de xuño, coa actualización



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

digamos do novo programa da subvención e tal, ségueno mantendo. Está a túa disposición si o queres ver.

Sra. Durán: (...) Alcalde si xa me contesta, a xente que non teña resposta ao tema do expediente da expropiación e os (...)

Sr. Alcalde: Si totalmente, dígolle que se contactou ademais co deputado que leva ese tema, na Deputación, agora moi ben, moitas veces tamén non se sabe con quen hai que falar. O técnico, un está cesado, outro nomeado, outro xa marchou, entón falouse co deputado e se lle dixo que nos dera unha resposta canto antes de iso e tamén lle quixemos recordar, recordámoslle mire que hai un compromiso do asfaltado porque como sabe co asfaltado había un compromiso co anterior goberno pero non hai nada escrito, quero dicir que podemos atoparnos que non nolo fan, pero deixámoslle sempre claro que hai un compromiso do anterior goberno

Sra. Durán: Non teñen mais que revisar, que miren como está a estrada e daranse conta de que o estado no que está a obra é evidente que (...) como vostede di o asfaltado.

Sr. Alcalde: Teña por seguro que aí me van a ter en contra cada vez que non fagan o que non teñen que facer, me da exactamente igual.

Sra. Durán: Supoño que na Deputación se darán conta, o digo porque como vostede dixo que lle habían dado a palabra de que si están modificando que as alegacións que fixeron cada un dos propietarios habería que (...) polos actuais propietarios (...). A ver si na Deputación si é verdade que no (...) non hai dúbida de que aperturaran o expediente de expropiación, que non llo estean enviando a quen lles figuraba como titulares no catastro porque quen levamos o traballo de estar buscando esa sinatura cos propietarios e non se localizaban aos propietarios reais nas escrituras do catastro, non vaia ser. Primeiro que poñan ao día ese expediente e de segundo unha vez que o poñan en marcha que se dean de conta que hai aí unhas alegacións asinadas polos titulares actuais que son aos que lle teñen que....

Sr. Alcalde: Mire....eu tamén teño ao mellor as miñas dúbidas. Pero eu teño pendente, eu son moi escéptico tamén porque sexan roxos non quere dicir que sexan santos. Eu dígolle que o deputado encargado de infraestruturas está pendente de que veña a Gondomar a mirar esa estrada, xustamente non so polo problema do asfaltado e das beirarrúas senón que queremos falar con el, porque dentro das obras que estamos a facer no colexio de Chaín queremos que nos leve a cabo unha actuación, da súa estrada, que faga unha cuneta, que recolla as pluviais de arriba que está todo atascado onde están os contedores e todo, e a parte de que fai falta autorización para facelo, que é deles esa estrada, queremos que o fagan e quedamos en iso que fan a vir, que chamaban agora para esta semana que vamos a empezar coas obras, a ver si tamén aproveitando o das obras do colexio que nos fagan todo ese tramo diante da estrada que sube ata a igrexa e todo por aí.

Sra. Durán: E necesitamos unha vez mais tamén estudar a posibilidade de facer alí un paso de peóns elevado si cumpría coa normativa...(..)

Sr. Alcalde: Moitas grazas. ¿Mais preguntas Sr. Gómez? Perdón Sr. Gómez, dámoslle a palabra para rematar ao Grupo Municipal Popular.

Sr. Salgueiro: Boas tardes a todas e a todos. Un rogo Sr. Alcalde, onde marca sobre (...) km de viarios (...) terán que limpar as beirarrúas e as cunetas entre as administracións (...)



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Nos estámolas limpando, deáo por seguro.

Sr. Salgueiro: Vale..unha cousiña, unha pregunta en (..) Arealonga tivemos un proxecto para un parque, queríamos saber si é o proxecto que tiñamos nos.

Sr. Alcalde: Perdón ¿ónde me dí?

Sr. Salgueiro: (.....)

Sr. Alcalde: Si temos o proxecto, si e uns bancos que custan tres mil euros, si bancos de tres mil euros.

Sr. Salgueiro: Un proxecto que fixo o noso arquitecto, que saiba todo o mundo que había que apostar por el.

Sr. Alcalde: O noso arquitecto non.....fixoo...

Sr. Salgueiro: César Mourive cando estaba no Concello

Sr. Alcalde: Si, si está iso aprobado, é unha subvención de corenta mil euros, nos temos que por oito mil e o resto pono a Xunta.

Sr. Salgueiro: ¿Para cando é o proxecto?

Sr. Alcalde: Témolos en marcha todo

Sr. Salgueiro: Na pasarela, o único e que volven a estar rotas as madeiras, están dando problemas, pasa moita xente por aí, e están rompendo a miúdo. Hai que mirar que se pode facer nesa zona.

Sr. Alcalde: Son os cabalos ao pasar estamos todos os días alí

Sr. Salgueiro: Sabemos todos que son os cabalos pero había que tomar medidas, son os cabalos (...) e despois hai que darlle unha limpeza tamén a senda que vai pegada ao río que ten moita herba (...) este grupo cando estaba no goberno. Que lle fagan unha limpeza, porque si poden aproveitar agora que ven bo tempo para pasear por alí (...) nada mais.

Sr. Alcalde: Terémolos en conta para facelo, grazas. ¿Sr. Gómez?

Sr. Gómez: Imos a ver, teño dous rogos. Un é unha lámpada que se está a solicitar, creo que polo rexistro en varias ocasións, en Donas, no barrio do Pereiro á altura do numero 12, levan, deben levar case dous meses sen luz, non hai luz, aparte é unha zona bastante escura, cando poidan que lle poñan a luz. E o outro, xa falou del a Sra. Durán, o Sr. Salgueiro, imos ver, o tema da roza dos camiños da zona....isto é un... non podo dicir que é un abandono pero e que isto pase..... nunca na historia de Gondomar estiveron como están, ¿qué pasa? este foi un ano que choveu moito, arde o calor e crece todo (..) pero eu lle digo que dean unha volta pola zona rural, polas parroquias, e hai zonas que están intransitables. Hai estes camiños rurais asfaltados que son estreitos que case chega dun lado ao outro, que case non pode pasar un coche, si pasa é rozando, nos (...) que tomen medidas e que lle dean unha visual (...) eses son os rogos. Preguntas, imos ver, unha xa a preguntei a outra vez, o das bandas sonoras de Borreiros e contéstame aquí que se solicitou á Deputación no Plan Móvete. Saber si seguen e si están neso. Eu pídoos como favor antes de que pase unha desgraza, é posible que poida



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

pasar unha desgraza alí, as persoas pasan arrimadas á parede, pasan os coches por alí, nada mais abrir poden atopar a calquera neno ou sen ser neno. Despois outra pregunta, imos ver, alí no barrio das Cruces, alí en Donas fíxose aquel muro que o proxecto inda que por agora, PSOE pero eu creo que é un proxecto do anterior Goberno, ¿me parece non?, que quedou de marabilla, aquilo está de marabilla pero hai un calco de terreo (...) leva un montón de tempo, saber as xestións que hai que facer, que me digan o que fixeron (...) antes estaba mal porque, estivo toda a vida, porque fíxose o muro pero daquela (...) algún perigo. Primeiro non se pode verificar que esa obra é boa e segundo que é un perigo para os que traballan aí. Debo preguntarllo varias veces, habíame dito que se ía a un concurso de persoas, co acceso ao concello para persoas con discapacidade (...) a máquina aquela que había alí que ao parecer xa non funcionaba, non lle debían dar uso. Si xa hai outra opción, si non vai o estudio este que tiñan de concurso de ideas e todo iso.

Sobre a estación de bombeo, tanque das tormentas ou como lle queiramos chamar, di que chegou unha demanda e tal, quería saber mais ou menos o contido desa demanda, é dicir, qué nos queren facer, saber que problema hai, que vai ao xulgado, que vai presentar, comentou aí o Concelleiro de Urbanismo, saber o contido de esa demanda.

Sobre o transporte metropolitano, o dixo a Sra. Durán, xa non (...) quedamos na cola, eu quero saber si lle deron unha solución, porque Alcalde, xa leva un ano no Goberno, saber home, houberamos estado no seu día, vostede entende, senón outro, non aprobamos esa entrada no transporte metropolitano pola problemática que temos de Melytour iso de que paran en Mañufe e hai que vir andando ata Gondomar. Saber que xestión levan feita, en que situación está para dar unha solución a ese problema para que Gondomar loxicamente poida mais ou menos solucionar ese tema cando, si non o teñen, non o terán senón xa o saberíamos seguro. Cando o teñan e cando teñen pensado tralo a este Pleno para que Gondomar estea igual nas condicións, como os outros concellos limítrofes da Área Metropolitana e nas mesmas condicións claro. (...) os outros, (...) a Gondomar, o impresionante foi non aprobalo por iso, porque estabamos na mesma igualdade de condicións pero segue apostando pero vostede no seu día dicía tamén polo transporte metropolitano de Gondomar (...) pero igual (...) saber cómo teñen o tema. E sobre.. outra é, é a última xa, sobre o (...), nos contestan aquí que xa están taxados, creo que mo contestou o concelleiro de urbanismo, xa está taxado o da compañía de seguros que lle dan (...) 10.000 euros (...) pero ao parecer a compañía de seguros non está de acordo, saber que medidas van a tomar polo que se dicía me imaxino que o Concello terá seguros, seguro non, ten pólizas de seguro que se poñan en contacto co outro seguro, que asuman iso e despois que pelexen entre as compañías de seguros. O cruceiro de Mañufe desgraciadamente en toda a súa historia, eu nos anos que teño si que algunha vez houbo algún accidente e que nunca se tardou tanto en repoñelo. Por iso se lle pide que tomen medidas e que propoñan. Ademais outra cousa que ninguén se ten que facer, outro pacto de Goberno ou calquera cousa como van a firmar sen o PP de alí tan afeccionados como son á relixión e aos santos. Porque agora está sen santos e sen nada, entón por iso mais que nada. En un principio nada mais.

Sr. Alcalde: Grazas, contéstolle brevemente, espere un momento. O das malezas ten vostede razón, este ano climatoloxicamente foi complicado, pero ademais tivemos unha avaría no tractor que estivo un mes practicamente avariado porque se, rompeu a caixa de cambios, houbo que reparalo, traer pezas polo cal. Hai un solo tractor si obviamente se rompe en maio pois é complicado. Agora podo dicirlle que está traballando mañá e tarde, todos os días, mañá e tarde todos os días, con reforzos, e hai dúas brigadas, tres de rozadoras e demais facendo iso pero Gondomar son 75 km² entón non damos para mais en este sentido.

As bandas sonoras que di vostede da gardería, incluíronse dentro dun Plan da Deputación – Móvete para que levan a cabo a seguridade dos viarios todos. E unha das preferencias que teñen nese Plan é xustamente pasos elevados e pasos de peóns. Entón quedaron, en non so ese, moitos mais, no pavillón de deportes un, noutro sitio. Hai toda unha relación que se fixo



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

dende a Xefatura da Policía Local e dende a Concellería de Tráfico e estamos á espera de que Deputación pois naquel momento empece con ese tema.

O poste de telefónica de Donas xa se lle mandaron dous requirimentos como mínimo para que o saquen a Telefónica, non so de ese, senón tamén dalgún mais. Outro en Cotro e algún mais que hai por aí.

O do acceso ao Concello, non hai ningún avance. Se puxeron o único os pasamáns, estamos con iso facendo unha serie de reformas, acondicionado e si que imos a facer un concurso de ideas, a ver que se fai aí, pero si lle digo está iso bastante parado e é un tema que nos preocupa a verdade.

O transporte Metropolitano, imos ver, aquí eu creo que temos que dissociar dúas cousas. Unha cousa é o transporte metropolitano e outra cousa é o transporte da Xunta. O que aprobaron en Vigo non é o transporte Metropolitano. O que fixo Vigo foi integrarse no Plan de Transporte da Xunta de Galicia, non do transporte metropolitano. A Lei de Área Metropolitana non está aprobada. Eu o que diga a prensa, está mal, dígollo eu. A Área Metropolitana, a Lei, non está aprobada, vaise aprobar agora mesmo, este mes aproba a Xunta de Galicia a Lei de Área Metropolitana. Unha vez que se aprobe se vai a constituír en setembro a Área Metropolitana, se vai a constituír con 14 concellos, e os primeiros puntos que se van a empezar a tratar da Área Metropolitana son dous: Un a inclusión dos restantes concellos ata 28 que van a formar a Área Metropolitana e facer unha comisión para empezar co transporte metropolitano, e aí obviamente é onde entramos todos. Nos agora poderíamos entrar no Plan de Transportes da Xunta, do que no seu momento non entramos, no que non vou a redundar porque xa sabemos porqué, esteamos a favor, esteamos en contra, teñamos razón ou non. Vigo entrou no Plan de Transportes da Xunta porque era unha imposición que se lle expuña a Vigo como condición sen equanum para aprobar a Área Metropolitana, pero era unha imposición que lle facía o Vicepresidente da Xunta Alfonso Rueda a Abel Caballero polas razóns que fose, porque non sei, non era... era unha condición que puxo de Vigo ten que entrar porque despois temos o problema do transporte urbano, temos o problema do transporte metropolitano, eles falan noutra clave e era unha imposición que lle puxo a Xunta dicindo: para nos comprometermos a aprobar esta Lei, antes do verán, de disolver o Parlamento, queremos que Vigo entre, pero sen embargo a Gondomar non llo pedimos. Entón iso se firmou nun acta, se comprometeu. Iso non quita que nos no seguinte Pleno decidamos traer iso ao Pleno, iso é unha cuestión de Goberno ou de iniciativa política pero non ten nada que ver co que estamos falando. Onte porque non estaba o alcalde da foto, porque onte estaban na foto todos os concellos que forman parte do Plan de Transporte da Xunta e nos non estamos. Entón si non estamos, non estamos para ben ou para mal, será discutible pero eu agora non quero entrar en ese debate nin facer un Pleno paralelo, é dicir, respecto a opinión de calquei concelleiro sen prexuízo de que analicemos ou non a incorporación no Plan de Transportes da Xunta, pero eu digo como en setembro entra en funcionamento a Área Metropolitana, aí é onde imos empezar a falar xa do transporte metropolitano, billete único, etc. E aí cambia totalmente o panorama político do transporte, nin concesións, nin Melytour, nin Axa, iso todo o absorbe o Plan de Transportes da Área Metropolitana de Vigo, é mais unha das cousas polas que temos que pelexar é que Vigo entre, Gondomar entre dentro da área e influencia ou de acción número 1 que iso implica ter incluso servizo de Vitrasa. Xa lle garanto que a Gondomar vai a chegar o Vitrasa. Iso non quere dicir que chegue a Gondomar, pode chegar a Vínchos ¿eh? Oílo. Eu tampouco, eu podo xogar coas palabras pero non minto. Agora non chega. ¿Sra. Fernández?

Ah perdón Sr. Gómez quedábame o do cruceiro. Mire o do cruceiro ao marxe do que vostede di da compañía, o do cruceiro de Mañufe estámolo tomando cun pouco, e me vai a perdoar, de calma, vullle a dicir por qué. Porque en setembro empezan as obras posiblemente de unha senda peonil combinada entre ciclistas e peóns dende Gondomar á Ramallosa, á marxe esquerda en sentido, en dirección á Ramallosa, e entra aí onde está o edificio do Froiz, aí, e esa senda vai levar 1,80m de ancho á marxe da beirarrúa e hai unha liña de afección e de expropiación que van levar por diante. O primeiro muro que está enfronte da gasoleira, non



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

sei como se chama a señora, sei o alcume pero non convén dicilo, leva parte da finca de Fajo, leva o baile antigo e leva o cruceiro, polo cal nos piden que hai que desprazalo. Entón eu o que lle pedín, e o sábado pasado estivemos aí cos enxeñeiros da Xunta mirando. O que lle pedimos é que contemplan no proxecto a posibilidade de facer unha rotonda en condicións do cruceiro de Mañufe e meter o cruceiro no medio. E o que nos piden os técnicos e a Xunta neste diálogo que estamos tendo é; vale, fáganme unha pequena memoria valorada, ou fáganme un pequeno bosquejo ou proxecto e presénteno na Xunta de inmediato para ver si ten encaixe. Xa falamos cos propietarios dos terreos do outro lado da estrada que son os de Núñez, non hai ningún problema, e aí queremos saber si podemos conseguir que vaia unha rotonda en condicións, sacar a rede semafórica e co cruceiro vaia no medio. Entón o problema é, si agora o pomos en setembro, van a empezar coas obras e hai que desprazalo. O cruceiro desprazalo para entro para a ponte, dous metros, non nos soluciona nada porque o metemos nun embude. Outra opción é poñelo na outra esquina no medio do monte, tampouco é a solución e iso é o que vai a modo pero eu a verdade teño confianza na Xunta porque se está portando ben con nos, nalgunhas cousas hai que dicir que si. Iso era, non hai mais flores, so é así. ¿Sra. Fernández?.

Sra. Fernández: Eu creo que as (...) que están no Froiz, na beirarrúa dos chinos, pois fixo que o tema dos estacionamentos agora novo, que hai bastantes queixas, aparte que se mira que ás veces hai bastante lea alí á hora de aparcar. Entón era mellor darlle unha volta e se hai que cambiar a dirección na zona de estacionamento dos vehículos.

No parque de Couso, nos Remedios, que necesita pois unha limpeza de inmediato, os nenos están aí sen poder xogar nin gozar del.

Na estrada de Cabaleiros que xa nun Pleno, xa había falado del para a toma da luz, para que se leve adiante.

Na urbanización Miñor, tamén lembrar que se pediu (...), entón tamén para que se teña en conta.

Nas preguntas que fixen no Pleno anterior e parece ser que non se atenderon, pois volvo a preguntalas o das marquesiñas ¿Cándo se van a arranxar as marquesiñas? Quedan dous meses par o colexio e as marquesiñas están defectuosas e sen limpeza e todo. Pero sobre todo arranxalas, e se hai que poñelas novas, pois estaría ben.

Sr. Alcalde: ¿Ten algunha que poida darnos datos para...?

Sra. Fernández: Si, a de Luaces que a parte se levou a moción,

Sr. Alcalde: Si, si esa. digo as vellas, as que están

Sra. Fernández: É que non hai, aí non hai ningunha. Despois tamén unha pregunta que fixen no Pleno anterior sobre o Club Deportivo Víncios. Pon que xa tivo lugar a reunión. Gustaríame saber si foi antes do Pleno, na contestación está que foi antes do Pleno anterior o despois do Pleno, si estiveron con eles e tamén sobre o caixeiro automático aquí me responde que quedaron de dar resposta, que ata o de agora non o fixeron, entón quero saber de onde espera a resposta, si da entidade de aquí de Gondomar ou si de outro lugar.

Sobre o tema Chano Piñeiro e colexio de Víncios, Chano Piñeiro o problema que hai sobre os autobuses, se vai haber algún...si se vai arranxar algo e o tema dos autobuses si se nos pon unha solución e o Colexio de Víncios que xa está o portal arranxado mais o videoportero alí colocado pero o resto das obras faltan, entón gustaríame saber para cando, si en breve, a largo prazo, nunca, ou haber que vai pasar. Nada mais.

Sr. Alcalde: Grazas. Supoño que as primeiras son rogos, estacionamentos, Remedios, Cabaleiros, marquesiñas, tomamos nota. Do Club de Víncios levamos tido varias xuntanzas



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevadra)

con eles, cada vez que o piden e cada vez levo estado, a concelleira ten estado varias veces, arriba tamén, o que nos pediron se lles fixo, quedan algunhas cousas pendentes por facer agora. Cando veña a pala niveladora...se lle acaba de otorgar unha pequena subvención por parte da Deputación. A verdade non sei, non me deixa de sorprenden porque o diálogo é totalmente fluído, non hai ningún tipo de queixa e a única constancia de esta problemática entre Concello – Club falta de sintonía me chega a través de vostede polo resto, un día preguntárolles a ver si, non sei...

Sra. Fernández: Eu non invento as cousas. Eu a min, veñen e mo din ¿eh? E hoxe estou aquí para representar aos veciños de Gondomar, aquelas achegas que me fan e eu teño que vir aquí e.....

Sr. Alcalde: Non, non si eu, a ver, nos non lle dicimos que non o faga, que para isto está vostede eu...quero dicir..

Sra. Fernández: Preguntareille entón a esas persoas que mo preguntaron si é verdade o que vostede di.

Sr. Alcalde: Eu , imos... nese senso. O dos buses e Colexio de Víncios, contéstalle o concelleiro.

Sr. Juan González: ¡Hola qué tal! Mira no Colexio Serra de Víncios, o informe que me pasa hoxe o encargado de obras que se fixo neste mes, que a retirada do cartelón do anuncio de obras que estaba ubicado na entrada do colexio, reparación da alambrada en zona de entrada principal e zona inferior de patios, se fixo tamén, hormigonado de zona habilitada para contenedores da entrada fora do recinto, que tamén nolo solicitaran. Pintar o portalón de acceso ao patio interior, pintado da aula de apoio. Falta terminar os accesos polas inmediacións, de asfaltar e facer un pouquiño mais de espazo para estacionamentos pero estase facendo a obra, o que pasa que aínda non se ha terminado, ¿de acordo? Grazas.

Sr. Alcalde: Sr. Concelleiro, o dos autobuses do Chano ¿sabe vostede algo?

Sr. Concelleiro: Non, non teño constancia de nada.

Sr. Alcalde: Eu tampouco

Sr. Concelleiro: Non temos constancia absolutamente de que haxa ningún, ningunha queixa oficialmente, nin nada. É mais, eu recibín unha felicitación, eu mais o Alcalde, polas obras que estamos realizando no Chano Piñeiro precisamente. Si, a podo ler aquí, pero de autobuses non teño constancia de nada.

Sra. Fernández: Vale, pero isto xa ven de atrás, o do problema do...

Sr. Juan González: ¡Ah! Ven de atrás, de atrás veñen moitas cousas, claro.

Sra. Fernández: Claro pero nos aquí estamos para recordarllo.

Sr. Juan González: Correcto, correcto.

Sra. Fernández: Rogámoslle que o solucione.

Sr. Alcalde: Pero ¿cál é o problema?



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. Juan González: ¿Cál é o problema?

Sra. Fernández: Pois cando chegue setembro, que empece o colexio, pois van a atoparse co mesmo, os pais cos atascos que hai alí, (...) e refírome a iso.

Sr. Juan González: ¿Hai atascos? Perdón.

Sra. Fernández: Si

Sr. Juan González: Di polos atascos, eu pensei que había problema de prazas de autobuses ou algo así.

Sra. Fernández: Non, eu o digo polos problemas que hai hoxe por arriba, que os autobuses...

Sr. Juan González: Atascos por desgraza hai en todos os coléxios, e se pasamos por alí por xunto o colexio Amor de Dios sen ir mais lonxe, están en triplo, catro filas incluso de vez en cando, e aquí en Gondomar pois temos problemas en Víncios, temos problemas no Chano Piñeiro e temos problemas de estacionamento en moitos sitios

Sra. Fernández: Pero....

Sr. Juan González: Pero é un problema que non é grave.

Sra. Fernández: Pero....non é grave, aí queda.

Sr. Alcalde: Verémolo si.....ese problema....¿mais preguntas?

Sra. Varela: Grazas Sr. Alcalde, primeiro que nada alegrámonos moito que rectificara e que volva a responder as preguntas no Pleno.

Sr. Alcalde: Non, isto foi hoxe porque temos tempo.

Sra. Varela: Vale moi ben.

Sr. Alcalde: Hoxe foi un día que foi corto, pero non se acostume ¿eh?

Sra. Varela: Queda na súa decisión, faltaría mais. Eu tiña unha pregunta e un rogo, e a miña pregunta é con respecto á resposta que nos deu da pregunta da situación dos bolseiros da Deputación, e aquí di que o seu horario é de mañá, están dous na secretaría, outro na biblioteca e outro en urbanismo, e gustárame preguntarlle con respecto ao bolseiro/a da biblioteca. Despois da xubilación do funcionario que xestionaba a biblioteca pola tarde, gustárame saber quen é o seu titor, qué horario fai e se cubre todo o horario da apertura da biblioteca este/a bolseiro/a. E despois o meu rogo vai con respecto ao Consello da muller e que xa se preguntou por sendos grupos no Pleno cando se vai convocar, e se nos contestan distintas cousas sempre, e gustárame rogar que si faltan os grupos por nomear representantes que se lle volva a enviar este requirimento para que cando volva a técnica de igualdade, se non volveu aínda, se convoque que xa viña tocando. Nada mais.

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Varela. Si perdón Sr. Guitián dígame.

Sr. Guitián: Si me permite facer un par de rogos.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Si, si por suposto.

Sr. Guitián: Un é, non é por facer un Pleno paralelo nin nada de iso, simplemente un comentario con respecto ao transporte metropolitano que quede como un rogo, Vostedes saben, convoquen Pleno para aprobar (...) de Gondomar, o transporte metropolitano. Sexa valente e recoñeza o seu erro, ¿cando, en qué momento votou en contra?, non pasa nada, fágao, é unha pena ver iso, unha pena moi grande, a min me da pena. E efectivamente, ten vostede razón, todos, en que hai que negociar, en que o autobús ten que chegar, pero isto é unha pena porque isto co que supuxo agora é que foi o que fixo o alcalde de Vigo, non pasa pero (...) pa diante (...) o que fixo foi meter a Vitrasa no transporte metropolitano, iso que di que as beiravías, e os que están no transporte metropolitano teñen a tarxeta de transporte metropolitano. A viaxe no Vitrasa lle vai a custar un can e a viaxe, si tes ademais esa tarxeta de Gondomar a Vigo tamén te vai a custar un tanto, é dicir, iso o teñen os de Nigrán, o teñen os de Baiona, o teñen todos estes, digo (...) Redondela, Porriño, Mos, Cangas, Moaña, etc.,etc. E nós non. Non é unha encabezonamiento daquela, xa está, xa pasou (...) Sexa valente (...), traíao aquí, dende logo por nos xa sabe.

Sr. Alcalde: Conto co seu apoio.

Sr. Guitián: Por suposto.

Sr. Alcalde: Grazas.

Sr. Guitián: Por suposto lle votaremos en cara que non o fixera daquela.

Sr. Alcalde: Non home, pero tampouco...

Sr. Guitián: (...) e xa está, e nos metemos aquí, que isto é unha pena, isto, pensando na veciñanza, aquí todo mundo échenselle a boca de dicir que na veciñanza, na veciñanza, na veciñanza. Home isto é para a veciñanza, isto é para a veciñanza. Pense vostede en todos eses rapaces que van a estudar a Vigo, a xente que ten que ir, os que van ao hospital, etc. É dicir que non nos fodan, e iso non quita, non quita que hai que negociar, que hai que traer o bus de Mañufe, chega a Mañufe que veña ata Gondomar. ¿De acordo? Ese é o meu rogo: traia aquí, no próximo Pleno a integración do Concello de Gondomar no Transporte Metropolitano.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Guitián.

Sr. Guitián: (...) este é o rogo que quería facer, eu agora estou aquí e antes estiven aí, que non permita como presidente de este Plenario as faltas de respecto entre as (...)

Sr. Alcalde: Aí estou de acordo con vostede.

Sr. Guitián: ¿Non?

Sr. Alcalde: Grazas Guitián, Sr. Guitián. Grazas Sr. Manolo polo apoio ao Sr. Guitián. Mire o do tema do transporte eu valorarei ese cronograma que manexamos todos os concellos para ver cando vai estar o transporte metropolitano en funcionamento porque todos sabemos, os que traballamos coa administración, que si falamos de que se constituirá a área metropolitana en setembro, pois ao final é en outubro, si despois falamos de que empezará..., empezará ao mellor a funcionar en tal, eu o que non quero, si verdadeiramente a cousa vai para longo, teña por seguro que analizaremos esa posibilidade de traelo. A min non me preocupa tampouco, iso



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

non é o meu problema de rectificar, digo que non me preocupa para nada e sábeo vostede que téño feito moitas veces e non pasa nada. Ben, perdoe Sra. Varela si quere contestarlle o Sr. Concelleiro polo da bolseira da biblioteca, do horario.

Sr. Juan González: Si, o horario que ten nestes momentos é de 10:00h a 14:00 h e de 17:00 h a 20:00 h. Solicitou nestes días a ver si se podía cambiar o horario, porque parece ser que agora, a partir das 19:00h da tarde ou así, que non hai moita xente, entón ampliálo noutras horas e restar, ou sexa pechar antes, pechar antes das 20:00. Estámolo discutindo.

Sra. Varela: E tamén preguntei quen era o seu titor.

Sr. Juan González: O titor son eu.

Sr. Alcalde: Si, e sobre o funcionario que vostede dicía que estaba reforzando polas tardes a biblioteca, como ben sabe ese funcionario é funcionario, e auxiliar administrativo do Departamento de Urbanismo, é onde ten a súa praza e despois polas tardes estaba facendo, cubría ese servizo e se lle compensaba cunha produtividade tódolos meses. Entón agora debido a súa xubilación, que xa foi substituída a súa praza por unha auxiliar administrativa tirando dunha bolseira, pois temos que ver cómo cubrimos ese servizo de tarde, pero dende logo non entra dentro das previsións, dun bo funcionamento da administración manter a un funcionario cunha produtividade periódica mes a mes, porque entre outras cousas non o permite, hai que dicilo, non o permite a lei. E levamos todos os alcaldes que pasamos por aí facéndoo e levantado reparo, porque senón quedamos sen o servizo, pero é certo que un funcionario non pode estar traballando polas tardes, un mes si, dous, pagándolle unha produtividade, un tema puntual, pero sistematicamente mes a mes esa forma, esa periodicidade non se pode facer. Dentro desas... a RTP, estamos estudando todo ese campo. ¿mais preguntas? Témolle ao Sr. Pauliño, que está moi calado, as trinta ou corenta preguntas que nos ten preparadas. ¿ten preguntas Sr. Pauliño? Non.

E non habendo máis temas que tratar, ás 22 horas e 04 minutos do día 07.07.16, o Sr. alcalde remata a sesión e dela redáctase a presenta acta que eu mesmo asino, de todo o que eu como secretario dou fe.